Sobre a repercusión institucional e reputacional da sucesión de noticias relacionadas cos presuntos casos de corrupción na contorna persoal e política máis próxima ao presidente do Goberno de España

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 37116 (12/POC-006001)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sanz Arias, Cristina e 8 máis

Sobre as repercusións derivadas da renuncia do Goberno central a presentar os orzamentos xerais do Estado no que vai de lexislatura

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2025

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 10:09:56
Nº Rexistro: 37228
Data envío: 20/10/2025 10:09:56,588

Asinado o día 20/10/2025 ás 10:03
Por Iria Carreira Pazos

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Ariadna Fernández González, Iria Carreira Pazos, Montserrat Prado Cores e Iago Suárez Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, sobre as condicións laborais do persoal que traballa nos centros de discapacidade, de menores e nas escolas infantís de Galiza e as medidas que debe impulsar a Xunta de Galiza ao respecto.

Asinado o día 20/10/2025 ás 10:03
Por Ariadna Fernández González

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

Pola importancia de que o Parlamento se pronuncie coa máxima celeridade sobre este asunto que atinxe servizos públicos esenciais e dereitos sociais de poboación vulnerable.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O próximo 6 de novembro o persoal dos centros de persoas con discapacidade, centros de menores e das escolas infantís está chamado a unha xornada de folga pola mellora das súas condicións laborais e salariais.

Trátase de servizos públicos esenciais que están na súa maior externalizados quer en empresas privadas, quer en entidades sociais. Porén, malia atender poboación extremadamente vulnerable, desenvolven o seu traballo en condicións de precariedade e con salario que apenas chegan ao salario mínimo interprofesional.

Asinado o día 20/10/2025 ás 10:03
Por Olalla Rodil Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 10:09:56
Nº Rexistro: 37228
Data envío: 20/10/2025 10:09:56.588

Así mesmo, as rateos de persoal son pírricas, non responden ás necesidades reais de atención sendo, tamén, que nin sequera sempre están garantidas.

Para o Bloque Nacionalista Galego é inadmisíbel que sectores como os de protección e reforma de menores estean en mans de entidades privadas regulados, alén do máis, por un decreto de hai vinte anos. É inxustificábel que o persoal das escolas infantís de Galiza –sufragadas todas elas con cartos públicos-- contén con táboas salariais diferentes e que nunha mesma localidade poida haber traballadoras desenvolvemento o mesmo labor mais cobrando salarios completamente distintos.

De igual maneira, é indigno que as traballadoras e traballadores dos centros de discapacidade estean a percibir salarios que non chegan ao SMI con rateos por baixo do mínimo esixíbel para garantir unha atención de calidade.

Ao igual que acontece no sector das residencias ou do servizo de axuda no fogar, as máis de 5.000 traballadoras e traballadores destes máis de 500 centros dependentes da Consellaría de Política Social, levan anos reclamando mellores condicións laborais e mudanzas normativas que garantan os dereitos fundamentais das persoas usuarias. Porén, só recibiron o desprezo e o silencio do goberno do Partido Popular na Xunta a comezar polo da responsábel da Consellaría que nin sequera se dignou a recibilos.

Por todo o exposto anteriormente, formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

Vai atender a Xunta de Galiza as demandas do persoal que traballa nos centros de menores, centros para persoas con discapacidade e escolas infantís?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 20/10/2025 10:03:00

Ariadna Fernández González na data 20/10/2025 10:03:14

Iria Carreira Pazos na data 20/10/2025 10:03:27

María Montserrat Prado Cores na data 20/10/2025 10:03:34

Iago Suárez Fernández na data 20/10/2025 10:03:39



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/10/2025 10:09:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 10:09:56
Nº Rexistro: 37228
Data envío: 20/10/2025 10:09:56,588

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Luís Bará Torres, Paulo Ríos Santomé, Alexandra Fernández Gómez, Montserrat Valcárcel Armesto e Sonia Vidal Lamas, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª polo trámite de urxencia**, sobre a anulación dos taxazos de SOGAMA e a necesidade dun novo modelo de xestión dos residuos municipais.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia motívase na necesidade de aprobar un acordo ao respecto antes de que se aproben os orzamentos da xunta para o 2026.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. Logo de comprobar o atraso da maior parte dos Estados no cumprimento do obxectivo de reciclaxe do 50% dos residuos municipais para o 2020, a UE lanzou en 2018 unha nova Directiva de Resíduos que establecía importantes modificacións normativas e obxectivos máis ambiciosos para 2025 e 2030.

<https://eur-lex.europa.eu/ES/legal-content/summary/eu-waste-management-law.html>

No caso do Estado español incumpríronse claramente os obxectivos do 50% en 2020 e pode haber un expediente sancionador por este motivo. No caso de Galiza, sitúase á cola do Estado en materia de reciclaxe, con unha porcentaxe en 2022 do 21%,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

moi lonxe do obrigatorio 50%. (Hai comunidades que si cumpriron ou están cerca de cumprir ese obxectivo).

Os malos resultados de Galiza explícanse porque a Xunta incumpriu as directrices do Plan estatal de residuos (PEMAR) e do Plan de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2022, que fixaba un obxectivo de recollida separada e tratamento de 245.000 toneladas de materia orgánica (agora denominada biorresiduos) e prevía a construción de 12 plantas de compostaxe e outras microplantas.

En lugar de levar a cabo estas medidas, a Xunta optou por unha deriva suicida de ampliación das instalacións de SOGAMA e de licitación de grandes contratos, co obxectivo declarado de tratar de maneira centralizada todos os residuos municipais xerados en Galiza, máis de 1 millón de toneladas/ano. Estes contratos, plurianuais e por valor de máis de 750 millóns de euros (a maioría co grupo ourensán VALTALIA-COPASA) é unha das causas principais do tensionamento das contas de SOGAMA e da necesidade de incrementar os ingresos

2. A Directiva Europea de Residuos establece entre outras cuestións a necesidade de penalizar a incineración e o depósito en vertedoiro, para desincentivar estas solucións finalistas e pouco sustentábeis e favorecer outras que encaixan no criterio da economía circular como a prevención (non xeración de residuos), a recollida separada (especialmente dos biorresiduos), a reutilización e a reciclaxe.

En consonancia con estes criterios da Directiva Europea, a *Ley 7/2022, de 8 de abril, de residuos y suelos contaminados para una economía circular* creou un novo imposto denominado IDIRES (imposto ao depósito e incineración de residuos) que grava a incineración e o depósito en vertedoiro. Este imposto foi transferido á Xunta a finais de 2022, págao SOGAMA en función das toneladas que destina a incineración e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

vertedoiro e ingrésase nas contas da Facenda pública galega. Segundo datos de SOGAMA supuxo 9 millóns de euros en 2023 e prevén 12 millóns en 2024.

A Directiva Europea e a lexislación estatal prevén outras importantes novidades:

-A recollida separada dos biorresiduos desde comezos de 2024 (preferentemente para a compostaxe aínda que tamén prevé a produción de biogás)

-A recollida separada de mobles, enseres, residuos téxtiles antes do 1 de xaneiro de 2025 (neste caso establece a previsión de contratos reservados).

-A posibilidade de crear sistemas de devolución e retorno de certos envases fronte ao monopolio de ECOEMBES)

-A repercusión no recibo do lixo dos custos dos servizos (aquí entra tamén o pago por xeración...)

-A realización obrigatoria de plans de xestión e opcional de plans de prevención.

-Outros temas importantes como a aprobación de ordenanzas e servizos de inspección.

A maiores, fixa uns obxectivos máis ambiciosos de reciclaxe, que teñen que cumprir os Estados e as comunidades, que teñen as competencias de planificación e ordenación.

3. A decisión do goberno galego de aprobar un novo taxazo de SOGAMA en 2025, logo da suba xa aprobada en xullo de 2024, supuxo un incremento acumulado de máis do 60%: o canon tipo pasou dos 68 euros/tonelada da primeira metade de 2024 (coa bonificación do 15% máis de 100 concellos pagaban 56 euros) aos 108 euros en 2025. Esta taxa de 108 euros pode verse reducida en 13 euros por tonelada no caso de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cumprimento dunha serie de condicións (redución do 1% na produción de residuos; incrementar o 3% ou máis a recollida selectiva de envases, latas, briks ou da fracción orgánica).

4. Aínda que o goberno galego elaborou un relato para xustificar este taxazo atribuíndo as causas a factores externos (fundamentalmente a decisións do goberno central), a realidade é que o desfase nas contas de SOGAMA ten que ver co fracaso do sistema de xestión de residuos maioritario en Galiza e con unha estratexia expansiva de ampliación de SOGAMA con grandes contratos que incrementaron de maneira exponencial os gastos da sociedade.

Podemos dicir, polo tanto, que a Xunta impuxo que os concellos pagasen a factura da súa mala xestión e de decisións erradas en materia de residuos. E malia que Galiza incumpre os obxectivos fixados pola normativa europea, estatal e galega en relación coa recollida separada, reutilización e reciclaxe de residuos, o goberno galego comete o erro de eliminar os poucos incentivos que había en favor deses obxectivos.

Por outra parte estamos nun momento de grandes cambios normativos e no modelo de xestión de residuos, polo que este tema debería ser obxecto dun grande debate e de acordos políticos e institucionais. Fronte a esta necesidade de acordos, o goberno do PP aposta polos feitos consumados e as decisións unilaterais que blindan decisións do pasado sen ningún tipo de análise e autocrítica. O proceso seguido para a aprobación do Plan de Xestión dos Residuos Municipais de Galiza é un bo exemplo da falta de diálogo e da unilateralidade.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª polo trámite de urxencia:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten previsto a Xunta deixar sen efecto os taxazos impostos por SOGAMA en 2024-2025 e abrir un proceso de diálogo coas entidades locais en relación co modelo de xestión dos residuos municipais e os seus custos?

Vai a Xunta colaborar cos concellos para aplicar melloras na xestión dos residuos como a creación de servizos de inspección ou a elaboración de ordenanzas municipais?

Vai o goberno galego impulsar e mellorar a compostaxe, apoiando as iniciativas promovidas por concellos (mediante o fomento da compostaxe domiciliaria e comunitaria) e tamén a entidades públicas e privadas que polas súas características xeren gran volume de biorresíduos (comedores públicos, comedores sociais, restauración, superficies comerciais, etc)?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 20/10/2025 11:35:41

Paulo Ríos Santomé na data 20/10/2025 11:35:49

Alexandra Fernández Gómez na data 20/10/2025 11:35:56

Montserrat Valcárcel Armesto na data 20/10/2025 11:36:04

Sonia Vidal Lamas na data 20/10/2025 11:36:13



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/10/2025 11:44:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 11:44:05
Nº Rexistro: 37248
Data envío: 20/10/2025 11:44:05.516

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 10:13:36
Nº Rexistro: 36431
Data envío: 10/10/2025 10:13:36.154

Asinado o día 10/10/2025 ás 10:12
Por José Luis Ferro Iglesias

Á Mesa do Parlamento

María Deza Martínez, Cristina Campero Dorado, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

Nunha recente entrevista a ministra de Vivenda e Axenda Urbana, Isabel Rodríguez, asegurou que xa se entregaron sobre 100.000 vivendas das máis de 180.000 prometidas polo presidente do Goberno, Pedro Sánchez, durante a campaña electoral.

Esta afirmación contrasta coa realidade que perciben os cidadáns, sobre o terreo, e as propias comunidades autónomas que non contan co apoio preciso da administración do Estado para facer fronte ao reto de dispoñer de máis vivendas a prezos accesibles.

De feito, en Galicia descoñecemos onde están emprazadas esas vivendas entregadas polo Ministerio, cal é o número destes inmobles posto a disposición da cidadanía e cando se fixeron efectivas a entrega de chaves aos seus propietarios ou adxudicatarios.

Parece evidente que a acción de propaganda do Goberno de España supera amplamente a realidade obviando que afrontar un problema como o da vivenda esixe sumar esforzos de todas as administracións, cada quen desde o seu marco competencial.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

Asinado o día 10/10/2025 ás 10:12
Por Cristina Campero Dorado

Asinado o día 10/10/2025 ás 10:11
Por María Deza Martínez

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





- 1.- Ten constancia a Xunta de Galicia das vivendas “entregadas” polo Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana en Galicia? Cal é a súa localización e cando se entregaron?





- 2.- Como valora o Goberno galego o insuficiente apoio que está a recibir por parte do Goberno de España para facer fronte ao reto de poñer a disposición da cidadanía máis vivendas a prezos accesibles?

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

María Deza Martínez na data 10/10/2025 10:11:47
Cristina Campero Dorado na data 10/10/2025 10:12:00
José Luis Ferro Iglesias na data 10/10/2025 10:12:12
Rubén Lorenzo Gómez na data 10/10/2025 10:12:26
Argimiro Marnotes Fernández na data 10/10/2025 10:12:39
Carmen Pomar Tojo na data 10/10/2025 10:12:51
Roberto Rodríguez Martínez na data 10/10/2025 10:12:59
Gonzalo Trenor López na data 10/10/2025 10:13:07
Katherinie Varela Fernández na data 10/10/2025 10:13:16



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/10/2025 10:13:37



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 10:13:36
Nº Rexistro: 36431
Data envío: 10/10/2025 10:13:36.154

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 10:49:37
Nº Rexistro: 36437
Data envío: 10/10/2025 10:49:37.725

Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

Van xa moitos anos falando das Unidades de Atención a Persoas Drogodependentes (UMAD), cuxos titulares son os concellos e, en concreto, de que estas unidades sexan asumidas pola Xunta de Galicia que é a autoridade competente.

Só lembrar que a Lei xeral de sanidade di: "Son os departamentos de Saúde das comunidades autónomas as que exclusivamente teñen as competencias de atención sanitaria das diferentes enfermidades"

E non é discutible que o Sistema Nacional de Saúde debe asumir a asistencia ás persoas drogodependentes en termos de igualdade e equidade como sucede co resto dos pacientes.

Como tampouco é discutible que a Oficina de Nacións Unidas para o control da droga considera imprescindible a integración dos servizos de tratamento e rehabilitación das persoas drogodependentes nos sistemas sanitarios xenerais, descartando a creación de redes paralelas específicas.

Pero os concellos que son titulares das Unidades de Atención a Drogodependencia, ven que o proceso de transferencias das devanditas unidades á Xunta de Galicia apenas ou nada avanza.

Asinado o día 10/10/2025 ás
10:43
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 10/10/2025 ás
10:43
Por Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

128972

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 10:49:37
Nº Rexistro: 36437
Data envío: 10/10/2025 10:49:37,725

En outubro de 2024, presentamos unha iniciativa porque a Xunta non cumprira o cronograma remitido unilateralmente pola propia Xunta para abordar o traspaso das UMAD.

Pero tras varias reunións mantidas, tras a remisión de toda a documentación solicitada pola Xunta aos concellos, de novo a Comunidade Autónoma segue incumprindo os prazos fixados por ela mesma.

Por iso, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Está disposta a Xunta de Galicia a remitir aos concellos afectados o borrador de decreto, ou a norma que se considere máis adecuada, no que se estableza a transferencia das Unidades de Atención a Drogodependentes á Xunta de Galicia, antes de finalizar o ano 2025?

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

128973

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 10/10/2025 10:43:06

Silvia Longueira Castro na data 10/10/2025 10:43:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 10:49:37
Nº Rexistro: 36437
Data envío: 10/10/2025 10:49:37.725

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 10:49:37
Nº Rexistro: 36437
Data envío: 10/10/2025 10:49:37.725

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/10/2025 10:49:38

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Óscar Insua Lema, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre o impulso definitivo do hospital de oncoloxía no Hospital público comarcal da Costa da Morte.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Levamos anos escoitando aos membros do goberno da Xunta de Galiza, sobre todo en campañas electorais, que no Hospital comarcal da Costa da Morte imos ter un hospital de día oncolóxico. O Consello de Goberno anunciou en xaneiro que a Xunta habilitaba este ano hospitais de día onco-hematolóxicos en Barbanza e en Cee, destinando 1,4 M€ ás obras das novas instalacións, prevéndose un maior esforzo no Hospital Público da Barbanza, onde é preciso construír un novo espazo para albergar o servizo, e estimando que o hospital de día “Virxe da Xunqueira” asistirá a 365 doentes, que evitarán o desprazamentos a Santiago de Compostela e A Coruña, e posibilitando o acceso a tratamentos especializados para enfermidades oncolóxicas e hematolóxicas como quimioterapia e transfusións, sen necesidade de desprazamento nin de hospitalización prolongada.

O 22 de maio deste ano, este mesmo deputado preguntou na Comisión 5ª de sanidade sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da habilitación no Hospital Comarcal da Costa da Morte do hospital de día oncohematolóxico, así como as características que definían o proxecto e o seu estado de tramitación. As preguntas foron respostadas polo Director Xeral de Asistencia Sanitaria do Sergas, o Sr. Alfredo Silva, o cal afirmaba nesa comisión que as obras de acondicionamento do espazo e dotación de equipamento para o hospital oncolóxico tiña un prazo de execución de tres meses, e que as obras comezarían nas vindeiras semanas aproveitando o período estival e vacacional para interferir o menos posible na actividade do Centro sanitario.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pasou o verán, e as obras de reacondicionamento seguen sen rematar, e a promesa de que o hospital de día estaría en funcionamento no mes de outubro non se cumpriu. Así mesmo, non se coñece proceso algún para dotar do persoal necesario para atender este novo servizo, o que indica que as previsións iniciais non se van a cumprir, polo que é preciso impulsar todas as medidas para conseguir que o centro oncológico de día comece a funcionar este mesmo ano e o máis axiña posible.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Cales son os motivos polos que non están rematadas as obras de acondicionamento para poñer en funcionamento o servizo de hospital de día onco-hematolóxico no hospital público comarcal “Virxe da Xunqueira”?

- Cal é e onde está publicado o contrato de obras de acondicionamento para o novo servizo?

- Incumprido o prazo anunciado polo Director Xeral de asistencia sanitaria, cal é previsión exacta da Consellería para abrir aos doentes de cancro este servizo tan demandado na comarca? Vai a comezar a funcionar este ano 2025?

- Que xestións se fixeron para dotar de persoal este servizo? Van a crear novas prazas ou van a desprazar a outro persoal da área sanitaria? Fixeron cursos de formación ou van ser innecesarios?

- Ten a Consellería un proxecto redactado sobre a posta en funcionamento deste servizo? Dende que data? Cal é causa pola que non se publicou este proxecto, si é que existe?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 10/10/2025 12:03:52

María Montserrat Prado Cores na data 10/10/2025 12:04:03

Iria Carreira Pazos na data 10/10/2025 12:04:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 12:06:42
Nº Rexistro: 36443
Data envío: 10/10/2025 12:06:42.436

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 12:06:42
Nº Rexistro: 36443
Data envío: 10/10/2025 12:06:42.436

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/10/2025 12:06:43

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre as carencias e recortes no CEIP Mestre Martínez Alonso de Mos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CEIP Mestre Martínez Alonso de Mos está sufrindo a falla de persoal docente como consecuencia da política de recortes educativos que exerce o goberno do PP. A pesar das reiteradas peticións por parte do centro, a Xunta de Galiza segue negándose a asignar o persoal necesario. Esta situación ten un impacto directo na atención e na calidade educativa que reciben os nenos e nenas, na inclusión do alumnado con maiores necesidades de apoio e na sobrecarga de traballo do persoal docente.

Este é un centro de atención preferente, polo que conta cunha alta porcentaxe de alumnado con necesidades especiais. Porén a Consellería vén de suprimir neste curso un dos profesores de apoio en educación infantil. O recorte deste docente incumpre a normativa xa que se trata dunha aula que o ano anterior tiña asignado un profesor de apoio ao superar a súa ratio pola incorporación de novo alumnado, sen que se realizase o desdobre de aula e suprimindo agora a Consellería esa figura de apoio.

Ademais, 2 alumnos contaban até o de agora cun profesor de Pedagogía Terapéutica asignado, que neste curso tamén foi suprimido. Isto a pesar de que estes 2 alumnos continúan no centro e que ademais se incorporaron 3 alumnos máis con necesidades educativas especiais, todos con diagnóstico e informe de dependencia.

Asinado o día 10/10/2025 ás
12:10
Por Cristina Fernández Davila

Asinado o día 10/10/2025 ás
12:10
Por Alexandra Fernández Gómez





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Continuando nesa liña de recortes inxustificados, a Xefatura Territorial incumpriu coa súa promesa de ampliación dun docente a xornada completa, apenas asignando un profesor a media xornada, co cal os alumnos de 3º de Primaria iniciaron o curso con medio titor.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Considera a Xunta de Galiza que se están a cumprir as ratios no CEIP Mestre Martínez Alonso?

- Con que criterios se eliminou o profesor/a de apoio en Educación Infantil?

- Vai corrixir esta decisión?

- Con que criterios se o profesor/a de Pedagogía Terapéutica?

- Vai corrixir esta decisión?

- Considera que se están garantindo os dereitos dos nenos e nenas a recibir unha educación inclusiva con estes recortes?

- Por que motivo a Xunta de Galiza apenas concedeu unha praza a media xornada en Primaria a pesar de comprometerse a ofertar unha praza a xornada completa?

- Por que incumpriron o acordo da Xefatura Territorial?

- Van corrixir esta situación e realizar a contratación a xornada completa neste curso?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 10/10/2025 12:10:26

Cristina Fernández Davila na data 10/10/2025 12:10:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 12:11:31
Nº Rexistro: 36447
Data envío: 10/10/2025 12:11:31.955

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/10/2025 12:11:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 12:11:31
Nº Rexistro: 36447
Data envío: 10/10/2025 12:11:31.955

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 12:47:56
Nº Rexistro: 36453
Data envío: 10/10/2025 12:47:56.364

Asinado o día 10/10/2025
12:47
Por Brais Ruanova Vi

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Carmela González Iglesias e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a carballeira de Casaliños en Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ámbito da Barroca en Navia, Vigo, está en risco de desaparición a carballeira de Casaliños. Esta masa forestal está localizado na cunca hidrográfica do rego da Barxa, que até mediados do século pasado creaba unha orde na paisaxe agrícola por tras da fachada dunar de Samil, nun sistema de lagoas doces, xunqueiras, bosques de ribeira a carón dos ríos e bosques caducifolios en zonas máis secas e numerosos mananciais. Era, esta, unha paisaxe humanizada mais en equilibrio ecosistémico en cuanto a xestión e ciclo dos recursos.

A progresiva transformación e urbanización desta cunca nas últimas décadas deu lugar a novas formas de ocupación do territorio que supuxeron a ruptura da maior parte do curso superficial deste rego, que hoxe se conduce de forma soterrada-impactando nos ciclos de recarga e circulación-, e a ocupación dos espazos agrícolas mediante unha urbanización fragmentada do territorio e de baixa densidade. Esa discontiunidade na urbanización fai con que algunhas das masas forestais, resultado das características naturais do ámbito e á forma de ocupación do territorio tradicional perdurasen até hoxe, como é o caso da carballeira de Casaliños hoxe ameazada.

Porque, se ben a maioría dos elementos que conformaban este hábitat foron desaparecendo, como as lagoas costeiras, as dunas móbiles, parte dos regos e das

Asinado o día 10/10/2025 ás
12:46
Por Carmela González Iglesias

Asinado o día 10/10/2025 ás
12:46
Por Alexandra Fernández Gómez



parcelas de cultivo; porén, os bosques foron sobrevivindo a esta transformación. Ademais, xurdiron elementos novos, xa que todas estas modificacións dos cursos de auga, sumado ás características xeolóxicas do terreo, propiciaron a aparición dun novo sistema de lagoas temporais. O propio Estudo Ambiental Estratéxico do PXOM reconece que estes restos de bosques ripícolas e caducifolios, xunto con estas lagoas temporais constitúen un *“corredor ecolóxico... que conserva aínda unha interesante mostra de bosque húmido ligado ao curso baixo do río, así como os espazos costeiros con destacados valores naturais e paisaxísticos.”*

Por tanto a Carballeira de Casaliños, un dos poucos bosques que sobreviviu ás transformacións, composto por uns 300 carballos, dos cales un 70% son árbores adultas e 2 son centenarios, teñen un grande valor de seu, máis tamén o conxunto do sistema hidroxeolóxico da valgada Fontes- Pertigueiras- A Barroca, que fai posible a conservación dos únicos hábitats de interese comunitario existentes neste espazo litoral, que supoñen espazos chave na mitigación climática e nunha hipotética recuperación do sistema litoral de Samil.

En consonancia con isto na aprobación inicial do PXOM en 2021 establécese a clasificación da Carballeira de Casaliños como espazos verdes do concello. Mais de forma inexplicable e inxustificable por parte do Concello de Vigo, o goberno local modificou esta clasificación para pasar a consideralo na aprobación definitiva como uso dotacional, anunciando a creación dun equipamento de ocio orientado a grandes eventos. Desta forma prevé transformar gran parte dos 46.789m² de espazos verdes, mediante a incorporación de 19.054m² de superficie para equipamentos, xunto coa construción dunha gran rotonda duns 80 metros de diámetro e novos viais de gran dimensión que ademais deberán ir elevados nalgúns tramos, precisamente para salvar a valgada, causando un grande impacto paisaxístico.

Este cambio realizouse por parte do Concello de Vigo unha vez pasado o período de alegacións, sen que ningunha das fichas onde xa se contemplaba a



importancia da súa protección como espazos verdes fose impugnada. É dicir que é o propio Concello quen de *motu proprio* modifica e contravén o seu propio plan, impedindo o proceso de participación veciñal establecido na lexislación.

Esta modificación carece de xustificación dende o punto de vista ambiental, social e legal. Para comezar, as fichas de catalogación da aprobación inicial e provisoria son as mesmas. Dentro dos Criterios Ambientais e de Integración a ficha establece para esta Unidade Ambiental, entre outras:

ESPAZOS DE INTERESE E DETERMINACIÓN

- 1. Integrar no sistema de EL o contorno das Regueiras e humidaís de Fontes Pertegueiras, así como as masas arboradas autóctonas asociadas*
- 2. Integrar no sistema de EL as masas arboradas da Barroca*
- 3. Integrar, na medida do posible, as árbores maduras existentes nas zonas libres de edificación ou dos equipamentos. ...*

INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA/VISIBILIDADE. CONDICIÓNS PARA O ESTUDO DA PAISAXE URBANA ESPECÍFICA

- 1. Mellora ambiental e paisaxística POL: Estudar a incorporación á ordenación de servizos e dotacións ás praias e redes de mobilidade alternativa.*

Tamén no Estudo Ambiental Estratéxico do PXOM recóllese un apartado relativo ao Esteiro do Lagares que di o seguinte:

Tamén se inclúe no espazo de interese a pequena regueira de Navia, corredor ecolóxico delimitado no POL que conserva aínda unha interesante mostra de bosque húmido (probablemente se trate do hábitat de interese



comunitario 91E0), ligada ao curso baixo do río, así como os espazos costeiros con destacados valores naturais e paisaxísticos.

E no POL recóllese explicitamente o seguinte:

No interior, como unha illa no marasmo urbanístico-residencial, aparece unha alongada masa arborizada mixta con importancia das frondosas autóctonas, entre As Pertegueiras e Samil, a ambos os dous lados da Avenida de Europa; ademais doutra similar, na Barroca, tamén a ambos os dous lados desta vía principal de comunicación. Son formacións que presentan certo carácter ripícola (91E0) nun lugar horizontal con afloramento hídrico estacional.

A pesar de todo isto, non se contempla ningunha indicación ao respecto na aprobación definitiva e se promove a ocupación da contorna con viais e un equipamento que supoñen unha grave afección para a carballeira e o ecosistema que se quere protexer.

Distintos estudos técnicos solicitados polo veciños conclúen que a intervención prevista na nova modificación é incompatible coa “conservación do rego da Barxa, das zonas húmedas e dos hábitats asociados neste ámbito, tanto por destrución directa como por causa das afeccións e impactos sobre o sistema acuífero do que dependen.”

Ademais disto, tampouco se tivo en conta para mudar a súa clasificación, o impacto que terá a eliminación desta masa arbórea na absorción de CO₂, na saúde das persoas e na calidade do solo, nunha zona de alta densidade edificatoria en proceso de expansión.

Dende o punto de vista urbanístico tamén resulta cuestionable a eliminación dun espazo verde próximo a esta zona en expansión con alta densidade edificatoria, para ser substituído por un equipamento que terá un uso puntual e que non ten un carácter



veciñal, senón que serve nunha escala supramunicipal. Ademais de non analizarse o sistema xeral adscrito en relación coas vías de comunicación que se están realizando dende o polígono de Navia.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Como valora a Xunta de Galiza a modificación no PXOM do ámbito da carballeira de Casaliños de espazo verde a uso dotacional?
- Considera a Xunta de Galiza que esta modificación, posterior á aprobación inicial, afecta aos dereitos de participación da veciñanza?
- En base a que alegacións formula o promotor a proposta final do Plan?
- Cal foi a avaliación que realizou a Xunta de Galiza á proposta inicial do PXOM na carballeira de Casaliños?
- Avaliou a Xunta de Galiza o impacto que supón a proposta contemplada na aprobación definitiva na declaración ambiental estratéxica?
- Que informes se emitiron dende os distintos organismos da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda onde se analice a proposta definitiva neste ámbito?
- Que valoración fixeron do mesmo?
- Considera a Xunta de Galiza que o proxecto finalmente aprobado no ámbito da carballeira de Casaliños pon en risco un espazo de especial interese?
- Considera a Xunta de Galiza que a proposta definitiva cumpre co POL?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 10/10/2025 12:46:28

Carmela González Iglesias na data 10/10/2025 12:46:45

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 10/10/2025 12:47:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 12:47:56
Nº Rexistro: 36453
Data envío: 10/10/2025 12:47:56.364

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 12:47:56
Nº Rexistro: 36453
Data envío: 10/10/2025 12:47:56.364

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/10/2025 12:47:57

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 12:56:00
Nº Rexistro: 36456
Data envío: 10/10/2025 12:56:00.609

Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 3ª**.

O Concello de Oia conta con aproximadamente 3.075 habitantes. Con un descenso da poboación dende o 2023, aínda que non moi pronunciada. Pero se hai un dato claro é que case un terzo da súa poboación supera os 65 anos.

Isto tradúcese en máis necesidades sociais, dependentes e illamento para persoas maiores.

Xa en novembro do ano 2024, os socialistas pedimos que se incluíse nos orzamentos do ano 2025, unha partida para a posta en marcha dun centro de día. E a día de hoxe nada se sabe.

Queremos reiterar esta demanda, e que esta demanda se inclúa no compromiso da Xunta de Galicia de financiar novos centros sociais municipais destinados á atención de maiores, inclusive centros de día, no marco do Plan de equipamentos sociais.

E non temos evidencia clara de que Oia figure entre os concellos previstos para ter un centro de día, a pesares de cumprir criterios claros de vulnerabilidade: baixa densidade poboacional, elevada proporción de persoas maiores, distancias grandes aos centros de servizos, despoboamento do rural.

A falta dun centro de día no concello obriga aos maiores a desprazamentos longos para recibir atención diúrna, iso agrava o illamento, sobrecarga de

Asinado o día 10/10/2025 ás
12:35
Por Patricia Iglesias Rey

Asinado o día 10/10/2025 ás
12:35
Por Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

128991

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 12:56:00
Nº Rexistro: 36456
Data envío: 10/10/2025 12:56:00.609

coidadores familiares, e pode atrasar ou prexudicar intervencións preventivas ou de mantemento da autonomía.

Ademais, a falta deste servizo constitúe unha manifestación máis dunha política da Xunta con déficits claros nos servizos sociais básicos, particularmente nas áreas rurais, onde o PP gobernante adoita descoidar as persoas que non teñen voz ou non están en urbes.

O Grupo Socialista demanda compromisos reais, con partidas orzamentarias claras e prazos vinculantes, para que Oia conte con centro de día.

Ante esta situación, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Está disposta a Xunta de Galicia a considerar no próximo orzamento unha partida específica para dotar a Oia dun centro de día?

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

128992

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 10/10/2025 12:35:30

Patricia Iglesias Rey na data 10/10/2025 12:35:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 12:56:00
Nº Rexistro: 36456
Data envío: 10/10/2025 12:56:00,609

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/10/2025 12:56:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 12:56:00
Nº Rexistro: 36456
Data envío: 10/10/2025 12:56:00,609

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 12:56:38
Nº Rexistro: 36457
Data envío: 10/10/2025 12:56:38,896

Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

O Concello de Oia conta con aproximadamente 3.075 habitantes. Con un descenso da poboación dende o 2023, aínda que non moi pronunciada. Pero se hai un dato claro é que case un terzo da súa poboación supera os 65 anos.

Isto tradúcese en máis necesidades sociais, dependentes e illamento para persoas maiores.

Xa en novembro do ano 2024, os socialistas pedimos que se incluíse nos orzamentos do ano 2025, unha partida para a posta en marcha dun centro de día. E a día de hoxe nada se sabe.

Queremos reiterar esta demanda, e que esta demanda se inclúa no compromiso da Xunta de Galicia de financiar novos centros sociais municipais destinados á atención de maiores, inclusive centros de día, no marco do Plan de equipamentos sociais.

E non temos evidencia clara de que Oia figure entre os concellos previstos para ter un centro de día, a pesares de cumprir criterios claros de vulnerabilidade: baixa densidade poboacional, elevada proporción de persoas maiores, distancias grandes aos centros de servizos, despoboamento do rural.

A falta dun centro de día no concello obriga aos maiores a desprazamentos longos para recibir atención diúrna, iso agrava o illamento, sobrecarga de

Asinado o día 10/10/2025 ás
12:36
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 10/10/2025 ás
12:35
Por Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

128995

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 12:56:38
Nº Rexistro: 36457
Data envío: 10/10/2025 12:56:38,896

coidadores familiares, e pode atrasar ou prexudicar intervencións preventivas ou de mantemento da autonomía.

Ademais, a falta deste servizo constitúe unha manifestación máis dunha política da Xunta con déficits claros nos servizos sociais básicos, particularmente nas áreas rurais, onde o PP gobernante adoita descoidar as persoas que non teñen voz ou non están en urbes.

O Grupo Socialista demanda compromisos reais, con partidas orzamentarias claras e prazos vinculantes, para que Oia conte con centro de día.

Ante esta situación, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

1. Está disposta a Xunta de Galicia a estudar unha radicación óptima en Oia para un centro de día para maiores?
2. Está disposta a Xunta de Galicia a considerar no próximo orzamento unha partida específica para dotar a Oia dun centro de día?

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

128996

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 10/10/2025 12:35:59

Silvia Longueira Castro na data 10/10/2025 12:36:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 12:56:38
Nº Rexistro: 36457
Data envío: 10/10/2025 12:56:38,896

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/10/2025 12:56:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 12:56:38
Nº Rexistro: 36457
Data envío: 10/10/2025 12:56:38,896

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 13:55:01
Nº Rexistro: 36482
Data envío: 10/10/2025 13:55:01.006

Asinado o día 10/10/2025
13:52
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

A principios de outubro, coñecemos o informe correspondente aos datos da listaxe de agarda por especialidades e áreas sanitarias, referentes a 30 xuño 2025.

Que nos sitúan en 360.450 persoas esperando unha proba diagnóstica, unha consulta especializada ou unha cirurxía, incluído a Povisa. E en 358.039 sen Povisa. (Indicamos Povisa porque é como figura nos citados listados e non coa nova denominación).

Corresponderíanse con 127.891 persoas pendentes dunha proba diagnóstica, 193.336 pendentes dunha consulta e 49.223 pendentes dunha cirurxía.(ou 46.812 sen Povisa).

É triste, pero segue aumentando o número de persoas en listaxe de agarda, e isto a pesares do efecto da diminución do número de esperas en consultas, dado que as persoas pendentes dunha cirurxía aumentaron e as probas diagnósticas tamén.

O conselleiro dixo na presentación dos datos do ano 2024: "Sabemos que uno de los asuntos que más preocupan a los gallegos son las listas de espera, que nos permiten establecer prioridades y garantizar que no espere todo aquello que es urgente".

Asinado o día 10/10/2025 ás
13:52
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 10/10/2025 ás
13:52
Por Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

128999

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 13:55:01
Nº Rexistro: 36482
Data envío: 10/10/2025 13:55:01.006

E o problema é que no caso das cirurxías con prioridade 1, tamén aumentaron tanto os días de agarda como o número de persoas en agarda.

E, efectivamente, é un dos temas que máis preocupan aos galegos e ás galegas porque distan moito de ser satisfactorios, senón todo o contrario. E que acaban converténdose nun dos grandes problemas que ten a sanidade.

E con isto referímonos á accesibilidade e non á calidade que a consideramos garantida cando se accede, pero o problema é acceder.

Por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Que pensa facer a Consellería de Sanidade para rebaixar as listas de espera para consultas en Galicia
2. Que pensa facer a Consellería de Sanidade para rebaixar as listas de espera de cirurxía?
3. Que pensa facer a Consellería de Sanidade para rebaixar as listas de espera de probas diagnósticas?

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

129000

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 10/10/2025 13:52:05

Silvia Longueira Castro na data 10/10/2025 13:52:13

José Ramón Gómez Besteiro na data 10/10/2025 13:52:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 13:55:01
Nº Rexistro: 36482
Data envío: 10/10/2025 13:55:01.006

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/10/2025 13:55:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 13:55:01
Nº Rexistro: 36482
Data envío: 10/10/2025 13:55:01.006

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Patricia García González, Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Galicia conta coa principal frota de cerco do Estado, un sector estratéxico que xera emprego directo e indirecto en decenas de portos galegos e que depende das cotas de especies fundamentais como a sardiña e o bocarte (anchoa).

Porén, os actuais repartos de posibilidades de pesca establecidos pola Unión Europea e acordados entre España e Portugal resultan profundamente inxustos para Galicia. Segundo datos coñecidos, Portugal recibe o 66,5 % da cota da sardiña ibérica e o 90 % do bocarte nas augas comprendidas entre Fisterra e a fronteira sur portuguesa, mentres que Galicia, con máis barcos e maior dependencia socioeconómica destas pesqueiras, queda nunha posición claramente discriminada.

A situación agrávase porque, ademais, dentro do propio reparto español, a sardiña distribúese cun 58,45 % para o noroeste (onde opera a frota galega) e un 41,54 % para o Golfo de Cádiz, malia ser Galicia o territorio onde máis peso ten a actividade do cerco.

Estes desequilibrios ameazan a viabilidade de moitas confrarías e empresas galegas, mentres outros territorios se benefician dun sistema de cupos que non responde nin ao esforzo pesqueiro nin ao impacto social real do sector.

Resulta, polo tanto, necesario que Galicia defenda ante o Goberno de España e a Unión Europea un reparto máis equitativo e adaptado á realidade produtiva e social galega, así como que se abra unha revisión dos criterios históricos de





distribución das cotas de sardiña e bocarte, incorporando datos actualizados de actividade, rendemento e dependencia económica das frotas.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que pasos está a dar a Xunta de Galicia para reclamar ante o Goberno de España e a Unión Europea unha revisión do reparto das cotas de sardiña e bocarte, tendo en conta o peso da frota galega e o impacto social e económico destas especies na nosa costa?

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Patricia García González na data 10/10/2025 16:43:00

Miguel Fidalgo Iglesias na data 10/10/2025 16:43:12

María Deza Martínez na data 10/10/2025 16:43:23

Jesús María Fernández Rosende na data 10/10/2025 16:43:36

Dolores Hermelo Piñeiro na data 10/10/2025 16:43:45

Paula Mouzo Mas na data 10/10/2025 16:43:56

Maria Magdalena Perez Millares na data 10/10/2025 16:44:03

Raúl Santamaría González na data 10/10/2025 16:44:12

Manuel Santos Costa na data 10/10/2025 16:44:24



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/10/2025 16:44:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 16:44:39
Nº Rexistro: 36487
Data envío: 10/10/2025 16:44:39.498

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 16:52:59
Nº Rexistro: 36491
Data envío: 10/10/2025 16:52:59.470

Asinado o día 10/10/2025
16:51
Por María Deza Martí

Á Mesa do Parlamento

Patricia García González, Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Galicia é líder europeo na industria transformadora e conserveira de produtos do mar, con centros produtivos que xeran miles de empregos directos e indirectos, especialmente nas comarcas costeiras. Vigo e a súa área industrial concentran unha parte esencial da actividade do sector, con empresas que exportan a máis de cen países e que representan un piar da economía azul galega.

Asinado o día 10/10/2025 ás
16:51
Por Miguel Fidalgo Iglesias

O recente acordo alcanzado entre a Unión Europea e o Reino de Marrocos para manter as preferencias arancelarias nos produtos pesqueiros importados, incluídos os procedentes do Sáhara Occidental, constitúe unha noticia moi positiva para o conxunto do sector.

Segundo datos da patronal Anfaco-Cecopesca, este pacto evitará un impacto estimado de máis de 30 millóns de euros anuais en taxas arancelarias e garante a continuidade dos fluxos comerciais por valor de máis de 600 millóns de euros anuais.

Asinado o día 10/10/2025 ás
16:51
Por Patricia García González

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





Trátase dun acordo que achega seguridade xurídica, estabilidade e confianza ás empresas galegas, asegurando que a UE manteña un marco de comercio xusto e previsible co seu principal socio pesqueiro no Atlántico sur. Ademais, o novo protocolo de asociación respecta plenamente as condicións establecidas polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TXUE), identificando a orixe dos produtos e someténdoo ao control aduaneiro marroquí.

Neste contexto, é necesario que Galicia exprese o seu apoio a todas aquelas medidas europeas que garantan un marco estable de relacións comerciais e permitan consolidar a competitividade da nosa industria conserveira e transformadora, exemplo de calidade, innovación e sostibilidade.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Como valora a Xunta de Galicia o novo acordo entre a Unión Europea e o Reino de Marrocos que mantén as preferencias arancelarias aos produtos pesqueiros, e que impacto terá esta decisión na competitividade e estabilidade da industria conserveira galega?

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Patricia García González na data 10/10/2025 16:51:20
Miguel Fidalgo Iglesias na data 10/10/2025 16:51:32
María Deza Martínez na data 10/10/2025 16:51:42
Jesús María Fernández Rosende na data 10/10/2025 16:51:54
Dolores Hermelo Piñeiro na data 10/10/2025 16:52:03
Paula Mouzo Mas na data 10/10/2025 16:52:15
Maria Magdalena Perez Millares na data 10/10/2025 16:52:22
Raúl Santamaría González na data 10/10/2025 16:52:33
Manuel Santos Costa na data 10/10/2025 16:52:44



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/10/2025 16:53:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 16:52:59
Nº Rexistro: 36491
Data envío: 10/10/2025 16:52:59.470

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a falta de transparencia da Xunta na adxudicación de orzamento público baixo a fórmula de patrocinio publicitario para a promoción do turismo de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta adxudica anualmente cantidades millonarias do orzamento público galego a algunhas empresas para a celebración de eventos e festivais musicais baixo a fórmula de patrocinio (negociado sen publicidade), isto é, de forma discrecional e sen concorrencia competitiva.

Esta fórmula da Xunta, de patrocinio publicitario para a promoción do turismo de Galiza, está a discriminar a maior parte do sector profesional galego ao non achegar o goberno publicamente ningún tipo de información dos proxectos da Xunta para a difusión da imaxe turística e, consecuentemente, negarlle a oportunidade de participar dos mesmos.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Que criterios segue a Xunta para adxudicar os patrocinios publicitarios para a promoción do turismo de Galiza a determinados eventos e festivais musicais?

Asinado o día 13/10/2025 ás
11:53
Por Daniel Castro García

Asinado o día 13/10/2025 ás
11:53
Por Mercedes Queixas Zas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que orzamento disponibilizou mediante esta fórmula ao longo dos últimos 5 anos, incluíndo o 2025?
- Por que non se pode acceder publicamente a ningún tipo de documentación e/ou memoria xustificativa dos eventos subvencionados mediante os patrocinios publicitarios?
- Que avaliación ten feito o goberno dos investimentos realizados baixo esta fórmula de contratación?
- Que ferramentas de avaliación emprega?
- Por que non están accesíbeis de forma pública e transparente?
- Condiciona a Xunta que no cartel dos eventos e festivais patrocinados deste xeito haxa unha porcentaxe mínima de participantes galegos que empreguen o galego no seu traballo?
- Como se garantiu ese criterio en todos os eventos e festivais patrocinados por esta vía nos últimos 5 anos, incluíndo o 2025?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 13/10/2025 11:53:06

Daniel Castro García na data 13/10/2025 11:53:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 11:55:12
Nº Rexistro: 36595
Data envío: 13/10/2025 11:55:12.957

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/10/2025 11:55:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 11:55:12
Nº Rexistro: 36595
Data envío: 13/10/2025 11:55:12.957

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 12:04:18
Nº Rexistro: 36600
Data envío: 13/10/2025 12:04:18.250

Asinado o día 13/10/25
11:59
Por María Montserrat

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa aos últimos datos das listas de espera do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, cos segundos peores datos de Galiza, e ás actuacións que debe impulsar o goberno galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As altas listas de agarda por unha consulta hospitalaria na Área Sanitaria de Ourense, Verín e Valdeorras son unha constante e, da mesma maneira que no resto de Galiza, aínda non recuperaron os índices pre pandemia, máis alá da reiterada manipulación e falta de transparencia respecto da realidade das listas de agarda estruturais denunciada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, polas profesionais e pola Plataforma en defensa da sanidade pública galega. Neste sentido, no noso país é negada sistematicamente a transparencia e impídese unha análise rigorosa do conxunto das listas de agarda porque se oculta a información real ao eliminar a todas aquelas persoas que son contactadas para ofrecerlle unha derivación á privada. Cando a persoa consultada rexeita esta proposta é eliminada a efectos de estatística como se realmente esa persoa xa fora atendida. Ademais, cómpre ter en conta unha práctica normalizada en moitas especialidades e centros consistente en indicar á persoa que vai agardar que “será citado ou citada telefonicamente” deixando a cita “en buzón”. Polo tanto, podemos afirmar que estes datos de listas de agarda son realmente maiores do que reconece o goberno galego.

Canto á realidade ourensá, na primeira quincena de outubro de 2025 coñecíanse os datos da Consellaría de Sanidade respecto ás listas de agarda ata o mes de xuño de 2025. Malia a aparente mellora, hai que ter en conta que as listas de agarda son as segundas peores de

Asinado o día 13/10/2025 ás
11:58
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Asinado o día 13/10/2025 ás
11:58
Por Noa Presas Bergantiños





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Galiza e que neste ano 2025 a Xunta de Galiza continuou a súa deriva privatizadora amparando un concerto coa sanidade privada de Vigo que ademais agrava a obrigatoriedade de desprazamentos para as e os doentes. Así mesmo, hai especialidades aínda colapsadas como Oftalmoloxía e rehabilitación por riba dos 100 e 90 días e, por outra banda, preocupa o dato de Cirurxía xeral e dixestiva por riba da media galega de 50 días, rozando os 60.

Ademais, é preciso salientar que, como xa ten denunciado reiteradamente o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, recentemente coñeciamos un demoledor informe do Consello de Contas que fiscaliza a asistencia sanitaria con medios alleos da macroárea sanitaria de Ourense, Verín e O Barco. Entre as conclusións do citado informe sinálase que no 2022, que é o ano estudado, en Ourense aumentou con máis intensidade a prestación de asistencia sanitaria con medios alleos: se en Galiza aumentou un 5%, na macroárea, un 6,8%. É máis, a área de Ourense é a área de Galiza na que máis aumentou e máis peso ten a derivación á privada (cun peso do 20%). Para máis inri, no ano 2025 o goberno galego impulsou un macro contrato á privada de Vigo, a través de Vithas, que implica máis desprazamentos para a cidadanía que ten como referencia a atención hospitalaria ourensá.

Os datos coñecidos recentemente amosan que estas fórmulas non están a servir para paliar adecuadamente a lista de agarda e que a Xunta non impulsa medidas para atraer profesionais, empeorando cada vez máis a capacidade e a calidade asistencial.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Que medidas urxentes vai impulsar o goberno galego para impedir que a terceira cidade de Galiza teña os segundos peores datos de lista de espera de todo o país ao tempo que aumentan as derivacións á privada de Vigo?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Que medidas urxentes vai impulsar o goberno galego para superar o colapso da especialidade de Rehabilitación ademais de derivar doentes á privada?

Que actuacións está abordando o goberno galego para superar o colapso da especialidade de Oftalmoloxía para alén da derivación á privada?

Cantos doentes se derivaron á sanidade privada de Vigo no ano 2025?

E a centros de sanidade privada de Ourense?

Como valora a situación da especialidade de Cirurxía xeral e dixestiva?

Canto persoal do propio sistema público reforzou no ano 2025 con contratacións directas?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 13/10/2025 11:58:33

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 13/10/2025 11:58:42

María Montserrat Prado Cores na data 13/10/2025 11:59:03

Iria Carreira Pazos na data 13/10/2025 11:59:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 12:04:18
Nº Rexistro: 36600
Data envío: 13/10/2025 12:04:18.250

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/10/2025 12:04:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 12:04:18
Nº Rexistro: 36600
Data envío: 13/10/2025 12:04:18.250

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso, Patricia Iglesias Rey e Silvia Longueira Castro, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

A educación inclusiva é un dereito fundamental recoñecido tanto pola Constitución Española como pola Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como pola Convención das Nacións Unidas sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade. Esta normativa obriga ás administracións públicas a garantir a igualdade de oportunidades e a plena participación do alumnado con discapacidade no sistema educativo.

Asinado o día 13/10/2025 ás 12:34
Por Patricia Iglesias Rey

Porén, en Galicia seguen producíndose situacións que vulneran estes dereitos. Un caso recente afecta a un alumno do CEIP Alexandre Rodríguez Cadarso, en Noia, con recoñecida discapacidade do 100 % e grao de dependencia 3, usuario do servizo de transporte escolar adaptado. Segundo denuncia a súa familia, o menor vese obrigado a abandonar o centro 30 minutos antes da hora oficial de saída, debido á organización do servizo de transporte, que prioriza cuestións de conveniencia da empresa concesionaria sobre o dereito do alumno a asistir á totalidade do horario lectivo.

Esta situación vulnera o dereito do neno a recibir unha educación en igualdade de condicións, ademais de afectar negativamente ao seu proceso de aprendizaxe, socialización e integración escolar. A familia ten presentado reiteradas reclamacións ante a Consellería de Educación sen obter resposta nin solución efectiva.

Asinado o día 13/10/2025 ás 12:34
Por Aitor Bouza Manso



Resulta inaceptable que en pleno 2025 o alumnado con discapacidade siga sufrindo recortes de feito no seu dereito á educación por deficiencias na planificación do transporte escolar adaptado, que debería garantir a asistencia completa ás clases e responder ás necesidades individuais do estudantado, e non ás conveniencias organizativas das empresas adxudicatarias.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia da situación denunciada no CEIP Alexandre Rodríguez Cadarso de Noia, onde un alumno con discapacidade se ve obrigado a saír antes do remate do horario lectivo por cuestións organizativas do transporte adaptado?
2. Que medidas pensa adoptar para corrixir esta situación e garantir que se respecte o dereito á asistencia íntegra ao horario escolar do alumnado con discapacidade?

Santiago de Compostela, a 13 de outubro do 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 13/10/2025 12:34:02

Patricia Iglesias Rey na data 13/10/2025 12:34:09

Silvia Longueira Castro na data 13/10/2025 12:34:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 12:39:31
Nº Rexistro: 36608
Data envío: 13/10/2025 12:39:31.883

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/10/2025 12:39:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 12:39:31
Nº Rexistro: 36608
Data envío: 13/10/2025 12:39:31.883

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso, Patricia Iglesias Rey e Silvia Longueira Castro, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

A educación inclusiva é un dereito fundamental recoñecido tanto pola Constitución Española como pola Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como pola Convención das Nacións Unidas sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade. Esta normativa obriga ás administracións públicas a garantir a igualdade de oportunidades e a plena participación do alumnado con discapacidade no sistema educativo.

Asinado o día 13/10/2025 ás
12:35
Por Patricia Iglesias Rey

Porén, en Galicia seguen producíndose situacións que vulneran estes dereitos. Un caso recente afecta a un alumno do CEIP Alexandre Rodríguez Cadarso, en Noia, con recoñecida discapacidade do 100 % e grao de dependencia 3, usuario do servizo de transporte escolar adaptado. Segundo denuncia a súa familia, o menor vese obrigado a abandonar o centro 30 minutos antes da hora oficial de saída, debido á organización do servizo de transporte, que prioriza cuestións de conveniencia da empresa concesionaria sobre o dereito do alumno a asistir á totalidade do horario lectivo.

Esta situación vulnera o dereito do neno a recibir unha educación en igualdade de condicións, ademais de afectar negativamente ao seu proceso de aprendizaxe, socialización e integración escolar. A familia ten presentado reiteradas reclamacións ante a Consellería de Educación sen obter resposta nin solución efectiva.

Asinado o día 13/10/2025 ás
12:34
Por Aitor Bouza Manso



Resulta inaceptable que en pleno 2025 o alumnado con discapacidade siga sufrindo recortes de feito no seu dereito á educación por deficiencias na planificación do transporte escolar adaptado, que debería garantir a asistencia completa ás clases e responder ás necesidades individuais do estudantado, e non ás conveniencias organizativas das empresas adxudicatarias.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Prevese revisar as condicións de prestación do servizo de transporte escolar adaptado para asegurar que se axuste ás necesidades educativas e sociais do alumnado usuario?
2. Está a Consellería de Educación a realizar algún tipo de supervisión ou control sobre as empresas concesionarias do transporte adaptado para garantir o cumprimento dos dereitos do alumnado con discapacidade?

Santiago de Compostela, a 13 de outubro do 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 13/10/2025 12:34:58

Patricia Iglesias Rey na data 13/10/2025 12:35:05

Silvia Longueira Castro na data 13/10/2025 12:35:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 12:40:04
Nº Rexistro: 36610
Data envío: 13/10/2025 12:40:04.651

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/10/2025 12:40:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 12:40:04
Nº Rexistro: 36610
Data envío: 13/10/2025 12:40:04.651

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso, Patricia Iglesias Rey e Silvia Longueira Castro, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

A educación inclusiva é un dereito fundamental recoñecido tanto pola Constitución Española como pola Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como pola Convención das Nacións Unidas sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade. Esta normativa obriga ás administracións públicas a garantir a igualdade de oportunidades e a plena participación do alumnado con discapacidade no sistema educativo.

Asinado o día 13/10/2025 ás
12:35
Por Patricia Iglesias Rey

Porén, en Galicia seguen producíndose situacións que vulneran estes dereitos. Un caso recente afecta a un alumno do CEIP Alexandre Rodríguez Cadarso, en Noia, con recoñecida discapacidade do 100 % e grao de dependencia 3, usuario do servizo de transporte escolar adaptado. Segundo denuncia a súa familia, o menor vese obrigado a abandonar o centro 30 minutos antes da hora oficial de saída, debido á organización do servizo de transporte, que prioriza cuestións de conveniencia da empresa concesionaria sobre o dereito do alumno a asistir á totalidade do horario lectivo.

Esta situación vulnera o dereito do neno a recibir unha educación en igualdade de condicións, ademais de afectar negativamente ao seu proceso de aprendizaxe, socialización e integración escolar. A familia ten presentado reiteradas reclamacións ante a Consellería de Educación sen obter resposta nin solución efectiva.

Asinado o día 13/10/2025 ás
12:35
Por Aitor Bouza Manso



Resulta inaceptable que en pleno 2025 o alumnado con discapacidade siga sufrindo recortes de feito no seu dereito á educación por deficiencias na planificación do transporte escolar adaptado, que debería garantir a asistencia completa ás clases e responder ás necesidades individuais do estudantado, e non ás conveniencias organizativas das empresas adxudicatarias.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Por que motivo non se está a dar resposta ás reclamacións e solicitudes das familias afectadas, que denuncian reiteradamente esta situación ante a Administración educativa sen obter contestación oficial?
2. Considera a Xunta de Galicia que o silencio administrativo é unha resposta adecuada fronte a cuestións que afectan dereitos fundamentais como o acceso á educación en igualdade de condicións?
3. Que mecanismos de comunicación e atención ás familias ten previstos activar a Consellería de Educación para garantir que se lles dea resposta en tempo e forma ás súas reclamacións en materia de transporte adaptado e atención ao alumnado con discapacidade?

Santiago de Compostela, a 13 de outubro do 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 13/10/2025 12:35:27

Patricia Iglesias Rey na data 13/10/2025 12:35:36

Silvia Longueira Castro na data 13/10/2025 12:35:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 12:40:35
Nº Rexistro: 36612
Data envío: 13/10/2025 12:40:35.384

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/10/2025 12:40:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 12:40:35
Nº Rexistro: 36612
Data envío: 13/10/2025 12:40:35.384

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 13:00:22
Nº Rexistro: 36628
Data envío: 13/10/2025 13:00:22.406

Asinado o día 13/10/2025
12:58
Por Paulo Ríos Santo

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª** sobre as negociacións entre a Xunta de Galiza e o Concello de Oleiros sobre a seguridade viaria na estrada AC-173, no Couto (Oleiros).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 19 de xuño deste mesmo ano, a comisión 2.ª do Parlamento Galego aprobou unha emenda do BNG a unha proposta do PSdG, que foi apoiada polos tres grupos, en demanda dunha mellora da seguridade viaria da estrada AC-173 no treito que atravesa O Couto, en Oleiros. En concreto, aprobouse demandar unha solución negociada entre as dúas institucións implicadas, o Concello de Oleiros e a Xunta de Galiza.

A veciñanza desta zona leva anos a reclamar medidas que permitan a circulación peonil en condicións axeitadas, xa que este treito é de velocidade máxima de 70 km/hora e nas proximidades non hai pasos de peóns que permitan atravesar con suficiente seguridade.

Unha das solucións propostas é que, en vista de que a Consellaría de Infraestruturas alegara informes técnicos para xustificar a súa negativa a facer estas mudanzas, o Concello de Oleiros asumise esta vía de titularidade autonómica. De feito, a administración galega ofreceulle ao Concello de Oleiros a transferencia da titularidade da vía, mais o Concello non a aceptou até agora. O Alcalde afirmou nun Pleno municipal recente que se faría cargo da instalación dun paso de peóns, tras negociacións co goberno galego.

Asinado o día 13/10/2025 ás
12:58
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 13/10/2025 ás
12:58
Por Iria Taibo Corsanego





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

O Concello de Oleiros anunciou a semana pasada que asumiría varias vías de titularidade provincial que transcorren por treitos urbanos, polo que, unha vez que xa transcorreron varios meses desde a aprobación no Parlamento Galego desta demanda de negociación entre as dúas institucións, é preciso que a cidadanía coñeza cales foron os trámites que levou a cabo o goberno galego destinados a atender esta demanda cidadá da veciñanza do Couto.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- A Xunta de Galiza levou a cabo algunha negociación co Concello de Oleiros para dar solución aos problemas de seguridade viaria na estrada autonómica AC-173?
- En que situación se atopan estas negociacións?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 13/10/2025 12:58:15

Luis Bará Torres na data 13/10/2025 12:58:27

Paulo Ríos Santomé na data 13/10/2025 12:58:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 13:00:22
Nº Rexistro: 36628
Data envío: 13/10/2025 13:00:22.406

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/10/2025 13:00:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 13:00:22
Nº Rexistro: 36628
Data envío: 13/10/2025 13:00:22.406

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36641
Data envío: 13/10/2025 16:26:00,717

Asinado o día 13/10/2025 ás 16:22
Por Silvia Longueira (

Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana, Carlos López Font e Silvia Longueira Castro, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

A principios do outono, coñecemos o informe correspondente aos datos das listas de espera por especialidades e áreas sanitarias, referentes a xuño de 2025.

Recoñecemos certas melloras nos días de espera de consultas e nos tempos dalgunhas probas diagnósticas na Area Sanitaria de Vigo.

Pero preocúpanos moito o aumento tan importante nos días de espera para as cirurxías. Que ademais se sitúa por enriba da media galega. E outro dato tamén moi preocupante e o do aumento dos tempos de espera para cirurxías de prioridade 1, que non só aumentan e pasan de 17,4 días de espera a 19, senón que tamén superan a media galega. E o mesmo sucede co aumento dos días de espera en radioloxía ou en medicina nuclear.

Por iso que con estes datos na man, non é estraño que a xente se preocupe polas listas de espera na Area Sanitaria de Vigo.

O máximo responsable de sanidade en Galicia, en maio do 2024, pedía dar “importancia relativa” ás listas de espera e que na súa opinión o importante son “os resultados que teñen esas listas de espera na saúde dos pacientes”.

Neste ano, referíndose aos resultados do ano 2024, falaba de que as operacións de prioridade 1, reduciran o tempo medio de espera en 3,5 días. E,

Asinado o día 13/10/2025 ás 16:22
Por Carlos López Font

Asinado o día 13/10/2025 ás 16:22
Por Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

129036

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36641
Data envío: 13/10/2025 16:26:00,717

que os tempos de espera eran datos mellorables, pero xustificaba as causas de demora como "causas multifactoriais".

Pero non é tan difícil coñecer que os tempos en sanidade si son importantes: malestar do paciente, angustia e inseguridade para eles e os seus familiares, cronificación das enfermidades e unha infinidade de problemáticas adicionais. E é pouco entendible que un dos incrementos se produza coas cirurxías de tipo 1.

E non é tan difícil recoñecer que as listas de espera, se converteron nun gran problema, porque non existiu, nin existe, planificación nin xestión, para estar á altura das circunstancias que necesitan as persoas usuarias da sanidade pública.

E os datos das listas de espera, poñen a descuberto a nula vontade política do Goberno da Xunta de Galicia de arranxar o problema.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan querén coñecer a resposta á seguinte pregunta:

Que pensa facer a Consellería de Sanidade para rebaixar as listas de espera da Área Sanitaria de Vigo, especialmente en radioloxía e en cirurxía?

Parlamento de Galicia, 13 de outubro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

129037

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36641
Data envío: 13/10/2025 16:26:00,717

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

129038

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 13/10/2025 16:22:25

Carlos López Font na data 13/10/2025 16:22:32

Silvia Longueira Castro na data 13/10/2025 16:22:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36641
Data envío: 13/10/2025 16:26:00,717

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36641
Data envío: 13/10/2025 16:26:00,717

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/10/2025 16:26:01

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre as necesidades do servizo de pediatria en Cambre, Carral e Oleiros.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na actualidade, o persoal de pediatria co que contan os centros de saúde de Oleiros (A Covada, Mera, Perillo, Santa Cruz) é:

- 1 profesional que atende en quenda deslizante de mañá e tarde no centro de Saúde de Santa Cruz, desprazándose dúas mañás á semana ao centro de saúde de Mera;

- 2 profesionais na quenda de mañá, 1 profesional na quenda da tarde en Perillo.

Os centros de saúde de Oleiros atenden 36.000 usuarios e usuarias, dos cales máis de 4.000 son nenos e nenas.

Os centros de saúde de Cambre (Cambre e O Temple) contan con 4 pediatras:

- 3 en Cambre: 1 atende en horario de mañá e outro atende 4 días á semana 1 hora e media en horario de mañá); 1 atende 4 días á semana en horario de tarde e 1 en horario de mañá);

- 1 no Temple, en horario de mañá.

Asinado o día 13/10/2025 ás
16:26
Por María Montserrat Prado Cores

Asinado o día 13/10/2025 ás
16:26
Por Iria Taibo Corsanego





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

O servizo de atención primaria de Cambre e Carral (estes dous servizos teñen o servizo compartido) ten unha poboación asignada de máis de 31.000 habitantes, dos cales máis de 3.500 son nenos e nenas.

A maior parte dos profesionais de pediatría teñen, neste momento e desde hai tempo, as cotas pechadas. Os Puntos de Atención Continuada destes centros de saúde, que atenden máis de 60.000 persoas, contan con atención de pediatría, cuxas gardas dos sábados se comparten, de xeito que as persoas usuarias descoñecen, como norma xeral, en que horario atenden en cada centro, coas dificultades que isto implica para este tipo de urxencias.

Entendemos que, tendo en conta as necesidades da poboación, é cada vez máis urxente aumentar a dotación de profesionais da pediatría en ambos os dous concellos.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Como valora o goberno galego a dotación de pediatría dos centros de saúde de Cambre, Carral e Oleiros?
- Ten previsto o goberno galego incrementar a dotación de persoal de pediatría nos centros de saúde de Cambre, Carral e Oleiros?
- Ten previsto o goberno galego aumentar a atención pediátrica neses 2 puntos de atención continuada nas fins de semana?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 13/10/2025 16:26:09

María Montserrat Prado Cores na data 13/10/2025 16:26:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36647
Data envío: 13/10/2025 16:27:46,971

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36647
Data envío: 13/10/2025 16:27:46,971

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/10/2025 16:27:47

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 16:49:34
Nº Rexistro: 36654
Data envío: 13/10/2025 16:49:34.202

Asinado o día 13/10/2025
16:48
Por Víctor Baladrón L

Á Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle e Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

O pilar fundamental dos sistemas sanitarios son os seus profesionais, por iso, investir en recursos humanos é investir na saúde da poboación. Garantir condicións laborais dignas, recoñecer o mérito profesional e fomentar a estabilidade son medidas indispensables para fortalecer o sistema sanitario e asegurar a súa sustentabilidade a longo prazo.

Actualmente, a cobertura de determinadas especialidades médicas está a supor un reto para os servizos sanitarios de todo o país, debido a un problema de déficit de especialistas.

Este déficit é especialmente acentuado na atención primaria e agrávase cando xorden continxencias sobrevidas como baixas ou ausencias, así como polo no alto volume de xubilacións que se agarda para os vindeiros anos. Isto, sumado ás necesidades de adaptar o sistema sanitario ás necesidades actuais e previstas da asistencia sanitaria fixeron necesario contar cunha imaxe exacta das necesidades do sistema e dunha planificación dos recursos.

A Consellería de Sanidade anunciou un plan de ordenación de recursos humanos con eses obxectivos que se presentaría neste ano 2025.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cales son as principais liñas estratéxicas do Plan de ordenación de recursos humanos da Consellería de Sanidade?

Asinado o día 13/10/2025 ás
16:47
Por Raquel Arias Rodríguez

Asinado o día 13/10/2025 ás 16:47
Por María Encarnación Amigo Díaz

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 16:49:34
Nº Rexistro: 36654
Data envío: 13/10/2025 16:49:34.202

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 13/10/2025 16:47:47

Raquel Arias Rodríguez na data 13/10/2025 16:47:59

Víctor Baladrón Lamas na data 13/10/2025 16:48:13

Nicole Grueira Fernández na data 13/10/2025 16:48:24

Dolores Hermelo Piñeiro na data 13/10/2025 16:48:33

Argimiro Marnotes Fernández na data 13/10/2025 16:48:45

Noelia Pérez López na data 13/10/2025 16:48:58

Ethel Vázquez Mourelle na data 13/10/2025 16:49:07

Maria Magdalena Perez Millares na data 13/10/2025 16:49:15



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 16:49:34
Nº Rexistro: 36654
Data envío: 13/10/2025 16:49:34.202

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/10/2025 16:49:35

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 17:39:54
Nº Rexistro: 36674
Data envío: 13/10/2025 17:39:54.579

Asinado o día 13/10/2025 ás 17:37
Por Silvia Longueira (

Á MESA DO PARLAMENTO

María Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

A principios de outono, coñecemos o informe correspondente aos datos das listas de espera por especialidades e áreas sanitarias, referentes a xuño 2025.

Na Area Sanitaria de Ourense-Verín-O Barco, recoñecemos certas melloras nos días de espera en cirurxía, pero increméntase o número de persoas que están pendentes dunha intervención. E este incremento é considerable, case un 19 %.

O mesmo nos sucede no caso das consultas. Conséguese rebaixar o tempo medio de espera para una consulta, pero aumentan considerablemente o número de persoas que están en lista de espera. Neste caso supera o 14 % de incremento. Ademais o tempo medio de espera na Area Sanitaria de Ourense-Verín-O Barco para unha consulta, supera a media galega.

Sen esquecermos de que tamén empeoran os tempos de espera para determinadas probas diagnósticas como as endoscopias.

Seguimos cunha mala situación coas listas de espera y por iso non é de estrañar que se converta nun dos grandes problemas que ten a sanidade en Galicia e en concreto na Área Sanitaria de Ourense-Verín-O Barco.

Asinado o día 13/10/2025 ás 17:37
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 13/10/2025 ás 17:37
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

129049

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 17:39:54
Nº Rexistro: 36674
Data envío: 13/10/2025 17:39:54.579

O máximo responsable de sanidade en Galicia, en maio do 2024, pedía dar “importancia relativa” ás listas de espera e que na súa opinión o importante son “os resultados que teñen esas listas de espera na saúde dos pacientes”.

Neste ano, referíndose aos resultados do ano 2024, falaba de que os tempos de espera eran datos mellorables, pero xustificaba as causas de demora como “causas multifactoriais”.

Pero non é tan difícil coñecer que os tempos en sanidade si son importantes: malestar do paciente, angustia e inseguridade para eles e os seus familiares, cronificación das enfermidades e unha infinidade de problemáticas adicionais. E é pouco entendible que un dos incrementos prodúzanse coas cirurxías de tipo 1 ou en probas diagnósticas que poden ser o inicio dun percorrido mais longo.

E non é tan difícil recoñecer que as listas de espera, convertéronse nun gran problema, porque non existiu, nin existe, planificación nin xestión, para estar á altura das circunstancias que necesitan os usuarios da sanidade pública.

E os datos das listas de espera, poñen ao descuberto a nula vontade política do Goberno da Xunta de Galicia de arranxar o problema.

Por iso, as deputadas que asinan preguntan:

Que pensa facer a Consellería de Sanidade para rebaixar as listas de espera na Área Sanitaria de Ourense-Verín-O Barco, en especial nas consultas e nas cirurxías?

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

129050

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 13/10/2025 17:37:00

Elena Espinosa Mangana na data 13/10/2025 17:37:08

Silvia Longueira Castro na data 13/10/2025 17:37:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 17:39:54
Nº Rexistro: 36674
Data envío: 13/10/2025 17:39:54.579

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 17:39:54
Nº Rexistro: 36674
Data envío: 13/10/2025 17:39:54.579

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/10/2025 17:39:55

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Ramón Fernández Alfonso, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a creación da figura de Profesor Asociado no Decreto de FP que adapta a Galiza a Lei Orgánica de FP e o RD 659/2023.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Decreto galego de FP que adapta a Galiza a Lei Orgánica de FP e o RD 659/2023, contempla unha serie de medidas que supoñen un ataque directo ao profesorado nun momento en que a Xunta de Galiza está a impulsar as ensinanzas de Formación Profesional.

A FP estaba considerada unha ensinanza de prestixio grazas ao labor do profesorado, uns grandes profesionais que conseguían dotar ao alumnado dos coñecementos e destrezas necesarias para competir nunha situación privilexiada no mercado laboral. As alumnas e alumnos remataban os seus CF cunha titulación que acreditaba ser Técnicas/os moi ben cualificados para a súa profesión e/ou especialidade.

Malia isto, a Xunta de Galiza está empeñada en secundarizar a FP (coa introdución do inglés en todos os ciclos e reducindo a carga horaria dos módulos profesionais) que quedará en breve practicamente toda privatizada tanto na oferta, en mans de centros privados, como a mercé das empresas que gañan terreo na selección e na avaliación da formación práctica do alumnado, así como co acceso directo, como persoal docente sen formación pedagóxica de ningún tipo, de profesionais do sector privado.

Asinado o día 14/10/2025 ás
09:44
Por Ramón Fernández Alfonso

Asinado o día 14/10/2025 ás
09:44
Por Cristina Fernández Davila





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A consecuencia directa desta última medida incluída no proxecto de Decreto da FP, como xa foi manifestado pola representación sindical maioritaria, vai ser unha falta de transparencia nas contratacións e o detrimento na calidade educativa do alumnado matriculado nos CF ou Cursos de Especialización.

A figura do profesorado asociado incluído no artigo 49 do borrador do Decreto e vendida polo Presidente da Xunta en xuño, permite que se poida contratar discrecionalmente a profesionais do sector privado sen titulación afín e sen ningún tipo de formación pedagóxica que acceden ao posto sen proceso selectivo de ningún tipo, tan só será unha decisión do director/a do centro educativo contraria aos principios básicos de igualdade e transparencia.

A Administración Educativa incorpora deste xeito, persoal externo nomeado directamente, que non terán problemas de compatibilidade laboral, sen as titulacións que correspondan, sen a formación pedagóxica requirida e que non vai ter que realizar funcións administrativas nin burocráticas. En definitiva: deixando nunha desigualdade evidente ao profesorado do sistema público de ensino que legal e procedementalmente accedeu á súa praza como docente. Desvalorizan a propia formación que imparten as institucións académicas e a administración educativa galega.

Por outra banda, tamén é significativo que no texto do borrador do Decreto se refiran a estes profesionais externos como de “recoñecido prestixio”, en tanto que o profesorado cualificado dos centros parece non ter esta consideración. Os primeiros asumen os cursos de especialización e a actualización do currículo, en tanto que o profesorado cualificado dos centros quedarán relegados a impartir docencia na FP Básica, Ciclos Medios e Superiores, a realizar a acreditación de competencias, a coordinar os certificados profesionais, etc. e por suposto a realizar toda a burocracia coa que a Consellería inunda estas ensinanzas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

1.- Vai a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP suprimir o artigo 49 do Decreto de FP galega, que crea a figura do/a profesor/a-asociado/a que deixa ao resto do profesorado de ensinanza de FP nunha clara desvantaxe e discriminación con respecto ao acceso ás prazas de docentes, e sen esixirlle a titulación e formación específicas requiridas?

2.- Ten previsto a Consellería cubrir as prazas de especialistas mediante un procedemento público de apertura de listaxes con baremos e requisitos determinados e non permitir que sexan as direccións as que realicen contratacións de profesionais alleos directamente?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 14/10/2025 9:44:45

Ramón Fernández Alfonso na data 14/10/2025 9:44:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 09:47:41
Nº Rexistro: 36714
Data envío: 14/10/2025 09:47:41.457

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/10/2025 9:47:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 09:47:41
Nº Rexistro: 36714
Data envío: 14/10/2025 09:47:41.457

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de revisar o Nomenclátor para os núcleos rurais, nomeadamente en Dodro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pasado mes de xullo, a Comisión de Toponimia da Xunta de Galiza aprobou a proposta de revisión, corrección e actualización do Nomenclátor elaborada polo Seminario de Onomástica da Real Academia Galega. No anuncio público desta revisión, indicábase que o seguinte paso sería a aprobación da revisión do Nomenclátor por parte do Consello da Xunta de Galiza e, posteriormente, a súa aprobación nun decreto no DOG.

O Concello de Dodro está dividido en 3 parroquias, e cada unha delas ten 24 aldeas. Porén, os cambios que se foron producindo no concello nos últimos anos fan que a realidade actual dos núcleos non corresponda propiamente coas 24 aldeas, o que provoca problemas de identificación das vivendas, por exemplo, por parte dos servizos de Correos ou de mensaxería, mais tamén outro tipo de confusións relacionadas coa identificación de cada un dos núcleos de vivendas coas diferentes aldeas.

Faise preciso revisar as denominacións incluídas no Nomenclátor para axeitalas á realidade actual dos núcleos, nomeadamente nas áreas rurais, aproveitando a actualización que está en marcha, tanto a efectos de localización dos diferentes núcleos e vivendas como por unha cuestión de identidade e vinculación.

Asinado o día 14/10/2025 ás
11:44
Por Iria Carreira Pazos

Asinado o día 14/10/2025 ás
11:44
Por Iria Taibo Corsanego





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- En que situación se atopa a aprobación da modificación do Nomenclátor de Galiza?

- Ten previsto o goberno galego incluír nesta modificación do Nomenclátor de Galiza a actualización das denominacións dos núcleos rurais, para adaptalas á realidade actual dos núcleos de poboación?

- Ten previsto o goberno galego incluír nesta modificación do Nomenclátor de Galiza a actualización das denominacións dos núcleos rurais no Concello de Dodro, para adaptalas á realidade actual dos núcleos de poboación?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 14/10/2025 11:44:04

Iria Carreira Pazos na data 14/10/2025 11:44:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 11:44:27
Nº Rexistro: 36719
Data envío: 14/10/2025 11:44:27.162

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 11:44:27
Nº Rexistro: 36719
Data envío: 14/10/2025 11:44:27.162

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/10/2025 11:44:27

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Paulo Ríos Santomé, Xosé Manuel Golpe Acuña, Mercedes Queixas Zas e Iria Taibo Corsanego, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as conexións ferroviarias da comarca de Ferrol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Galiza padece un déficit histórico en materia de infraestruturas ferroviarias, por este motivo o BNG ven reclamando ao Goberno do Estado acometer os investimentos necesarios para reducir a fenda nesta materia respecto doutros territorios do estado. Temos claro que as políticas de transporte do futuro pasan por unha aposta decidida polo transporte ferroviario, que permite unha mobilidade sustentábel, eficaz e eficiente ao tempo que facilita unha transición enerxética que garante a cohesión social.

A comarca de Ferrol ficou nas últimas décadas sen apenas investimentos en materia ferroviaria. Compre, pois, a súa modernización urxente para contar por fin con conexións, frecuencias e tempos competitivas, tanto no transporte de proximidade como na media e longa distancia.

Para logralo, unha obra fundamental é a do chamado bypass de Betanzos, mais non concibida como un investimento puntual e único, senón como un dos pasos necesarios para avanzar na modernización do trazado entre Ferrol e A Coruña, que deba ir acompañada doutras melloras como a electrificación, a dupla vía e a compatibilidade entre viaxeiros e mercadorías. Na actualidade tense redactado o estudo





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

informativo mais está pendente, aínda, a resolución das alegacións presentadas e acometer a redacción do proxecto construtivo para considerarmos que efectivamente se dan pasos a adiante.

A infraestrutura ferroviaria debe servir para mellorar as conexións de proximidade, asegurando a cohesión territorial, económica e social, mais tamén para acurtar tempos de viaxe entre Ferrol-Betanzos-A Coruña.

Isto é, a redución dos tempos de viaxe non pode supor a eliminación de paradas, senón que debe estar dirixida a vertebrar o territorio, o que ben pode lograrse a través da modernización da liña, o incremento dos servizos e das frecuencias e a recuperación de paradas suprimidas para un ámbito territorial no que viven medio millón de persoas. Con este obxectivo a mellor alternativa é a corrección do trazado e a rectificación de curvas, así como duplicar a vía, o que permitiría a prestación de servizos simultáneos. E todo sen perder de vista que a modernización da liña debe garantir a compatibilidade do transporte de viaxeiros co de mercadorías para dar saída ao porto exterior de Ferrol que precisamente está rematando o seu acceso ferroviario.

Durante este último ano constituíuse en Ferrol o chamado Foro cidadán polo ferrocarril, no que concorren numerosas entidades sociais da comarca e persoas a título particular e que ven desenvolvendo unha actividade de análise, diagnose, socialización e mesmo elaboración de propostas sobre o que deberían ser as actuacións prioritarias para dotar á comarca de Ferrol das infraestruturas e servizos necesarios.

O Concello de Ferrol aprobou por unanimidade unha declaración institucional sobre o ferrocarril que inclúe as demandas deste Foro cidadán e que o BNG comparte.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión
2ª:

Coñece a Xunta de Galiza o déficit absoluto da comarca de Ferrol en canto a
mobilidade ferroviaria?

Cando ten pensado a Xunta de Galiza para corrixir esta situación?

Vai demandar a Xunta de Galiza a realización do Bypass de Betanzos?

Vai demandar a Xunta de Galiza a modernización da liña Ferrol-A Coruña con
duplicación e electrificación da vía, corrección de trazado e rectificación de curvas?

Vai demandar a mellora da liña e do servizo ferroviario entre Ferrol-Ribadeo?

Vai demandar a transferencia das competencias sobre o transporte ferroviario de
proximidade?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 14/10/2025 12:05:02

José Manuel Golpe Acuña na data 14/10/2025 12:05:13

Paulo Ríos Santomé na data 14/10/2025 12:05:21

Iria Taibo Corsanego na data 14/10/2025 12:05:31

Mercedes Queixas Zas na data 14/10/2025 12:05:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 12:47:52
Nº Rexistro: 36723
Data envío: 14/10/2025 12:47:52.508

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/10/2025 12:47:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 12:47:52
Nº Rexistro: 36723
Data envío: 14/10/2025 12:47:52.508

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González e Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os recortes no noso sistema educativo, que inzan o territorio galego, son motivo de protestas e reclamacións tanto por parte das familias do alumnado coma por parte dos docentes afectados pola falla de profesionais e medios nos centros, que deixan en situacións complicadas tanto a uns coma a outros no desenvolvemento da súa vida educativa rutineira, sobrecargando en moitos casos aos mestres e mestras, que deben levar a cabo funcións que non lles son propias para garantir o decorrer normal das xornadas educativas.

No caso do alumnado con necesidades especiais, esta falla de medios deriva en situacións realmente dramáticas, que lle afectan de xeito grave a nenos, nenas e adolescentes que sofren este desleixo e que dificulta moito a súa vida estudantil normalizada. É o caso dunha alumna do IES García Barros, situado na vila de A Estrada, cuxa chegada á Educación Secundaria non foi acompañada coa presenza dunha coidadora para a súa atención especializada, figura coa que levaba anos contando na educación primaria e que facilitaba moito a súa estadía no centro.

Malia ter unha nova valoración do grao de discapacidade por parte do SERGAS que indica que este aumentou severamente, medrando polo tanto a súa dependencia, requirindo de maior control e vixilancia por parte das súas figuras de referencia como se

Asinado o día 14/10/2025 ás
12:46
Por Cristina Fernández Davila

Asinado o día 14/10/2025 ás
12:46
Por Ariadna Fernández González





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cita textualmente no seu informe médico, dende a Consellería non se dota a esta alumna de acompañamento por parte dunha coidadora. Así mesmo e non menos importante, neste documento, recoñécenselle dificultades na autonomía, requirindo axuda para cuestións da vida diaria, polo que se recomenda unha supervisión estreita da alumna debido á elevada vulnerabilidade desta.

Coa supresión da coidadora que a atendía, que na actualidade se despraza dende outro centro para acompañar á alumna na entrada ao IES, o cambio de centro e o aumento do número de alumnado da aula onde cursa os estudos, a situación da alumna empeorou exponencialmente, feito que a propia familia constata. Así mesmo, coñecedora do risco que correría a alumna de non poder desenvolverse con normalidade, a propia titora denunciaba en prensa a falla de apoio para ela, que padece un alto grao de autismo e, segundo a propia docente precisa axuda na aula. Declara así mesmo que no IES García Barros precisan máis especialistas en pedagogía terapéutica, en audición e linguaxe e orientación, evidenciando as eivas do sistema dende dentro dos centros educativos.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

. Considera a Consellería de Educación que non dotar dunha coidadora a unha alumna cun alto grao de discapacidade, onde o informe médico e a titora consideran que a precisa, é unha actuación responsable coa alumna, a familia e os docentes do IES García Barros de A Estrada?

. Considera adecuada a Consellería de Educación non dar resposta á familia e ao centro educativo nas súas peticións é un comportamento adecuado por parte da administración?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Prevé a Xunta de Galiza dar resposta ás peticións da familia e o centro e dotalo dunha coidadora que atenda á alumna en cuestión?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 14/10/2025 12:46:15

Cristina Fernández Davila na data 14/10/2025 12:46:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 12:49:05
Nº Rexistro: 36727
Data envío: 14/10/2025 12:49:05.668

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/10/2025 12:49:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 12:49:05
Nº Rexistro: 36727
Data envío: 14/10/2025 12:49:05,668

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 13:10:54
Nº Rexistro: 36736
Data envío: 14/10/2025 13:10:54.531

Asinado o día 14/10/2025
13:09
Por Luis Bará Torres

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González, Iria Carreira Pazos, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a barcaza de Portodemouros.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cumpríronse no presente 2025, 63 anos dende que se outorgou por Orde Ministerial á Hidroeléctrica Moncabril S.A. a concesión para o aproveitamento integral da conca do Río Ulla a través de oito saltos, entre os que se atopa o de Portodemouros, o único que se levou a cabo ao amparo de dita orde. Non entanto, na actualidade, e tras sucesivas modificacións, a concesión está formada por 4 saltos, cuxa titularidade do dereito lle corresponde a Gas Natural Fenosa S.L., que os aproveita para a xeración eléctrica.

O proxecto de Portodemouros, que englobaba o encoro e a central eléctrica situada a pé de presa, tivo dende a súa construción como único obxecto o aproveitamento enerxético, sen ter en conta a opinión de quen alí vivía, feito que dou lugar a protestas e mobilizacións que mesmo remataron con xuízos e veciños no cárcere nos últimos anos da ditadura.

Malia esa oposición veciñal, no 1968 foi aprobado comezou a súa explotación, que se estende ate o día de hoxe, deixando divididas dúas comarcas que eran limítrofes por unha masa de auga que pode chegar aos 297 hectómetros cúbicos de volume total, inundando terras de labradío nunha zona de gran aptitude agrogandeira e levando por

Asinado o día 14/10/2025 ás
13:09
Por Iria Carreira Pazos

Asinado o día 14/10/2025 ás
13:09
Por Ariadna Fernández González



diante aldeas enteiras sen que os beneficios redundaran en ningún momento na xente que habitaba o territorio no pasado nin no presente.

Coa inundación chegou polo tanto a incomunicación de ambas marxes, quedando separadas as parroquias de Loño, pertencente ao concello dezaio de Vila de Cruces e Beigondo, encadrada no coruñés de Santiso, desaparecendo as vías de paso existentes que, anos despois se substituirían cunha barcaza que se rexe pola orde ministerial de maio do 1975 e que tiña por fin comunicar ambas marxes do encoro, e que mantería a sociedade concesionaria deste. Dita barcaza comezou a dar servizo no 1977 e a partires do 1983 este converteuse en permanente pola resolución do 28/09/1983, transportando vehículos, animais, carros, etc durante as 24 horas do día os 365 días do ano dunha beira á outra, resultado que non foi gratuíto e que se debeu a unha grande loita social ao respecto.

O servizo, que se trata dunha compensación polo uso dun ben público, só pode interromperse tras dita resolución por causas de forza maior derivadas de circunstancias imprevisibles ou inevitables, feito que se incumpre de xeito recorrente e que ocasiona problemas para todos aqueles usuarios e usuarias da embarcación, coma se leva denunciando dende o BNG durante anos, tempo no que se presentaron, entre outras medidas, iniciativas parlamentares ao respecto que foron aceptadas por unanimidade para logo incumprilas. Tanto é así que, ano tras ano, os veciños e veciñas que pasan dunha beira á outra para acudir a empresas próximas, para levar a cabo actividades da súa vida social, asistir a institutos, ou para facer as súas labores agrícolas en leiras dun e doutro lado do Ulla, sofren cortes do servizo que os obrigan a percorrer aproximadamente 30 quilómetros por a inoperancia da barcaza, o que supón un gasto extra de combustible e de tempo que non teñen por que sufrir.

Recentemente, os veciños e veciñas acaban de ver o servizo público da barcaza suspendido novamente para logo volver a ser restablecido sen levar a cabo o mantemento da mesma, que era o feito que motivaba a parada. Non foi posible levar a cabo tal





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

obxectivo debido ao baixo nivel das augas, que non permitiron sacar a barcaza do encoro de maneira que as labores de mantemento non foron realizadas e suporán un novo paro do servizo cando sexa posible. Non é de menor importancia o feito de que a propia empresa concesionaria é quen regula o nivel das augas, polo uqe ese descoñecemento non é mais que unha actitude pouco planificada por parte desta.

Esta situación prodúcese frecuentemente, de xeito que se pecha o servizo durante 15 días ou un mes ano tras ano para ditas actividades, sen que a barcaza sexa substituída e sen aportar ningún tipo de solucións ao respecto desta suspensión das obrigas da empresa concesionaria, o que xera grande malestar na poboación usuaria, que lonxe de verse beneficiada polo encoro o que recibe son os efectos negativos da permisividade da Xunta de Galiza coa empresa que está a explotar un ben público e que na que repercuten os beneficios económicos. Non é de recibo escusarse en causas de forza maior cando se trata do mantemento da embarcación, que hai que realizar mais que pode facerse de xeito planificado e aportando o servizo aos usuarios namentres non se leve a cabo, sen causar prexuízos á poboación.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1. Considera a Xunta de Galiza que a empresa concesionaria do salto de Portodemouros está a cumprir coas obrigas que adquiriu con dita concesión ao respecto do servizo da barcaza que conecta Loño co Beigondo?

2. Valora a Xunta de Galiza como causa de forza maior, levar a cabo o mantemento da barcaza de Portodemouros, de xeito que recorrentemente se suspende o servizo público que presta?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

3. Que solucións valora a Xunta de Galiza para a poboación que ve o acceso ao servizo público da barcaza de Portodemouros suspendido e ten que percorrer 30 quilómetros para chegar dun lado ao outro do Ulla a esa altura?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 14/10/2025 13:09:33

Iria Carreira Pazos na data 14/10/2025 13:09:43

Luis Bará Torres na data 14/10/2025 13:09:50

Paulo Ríos Santomé na data 14/10/2025 13:09:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 13:10:54
Nº Rexistro: 36736
Data envío: 14/10/2025 13:10:54.531

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/10/2025 13:10:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 13:10:54
Nº Rexistro: 36736
Data envío: 14/10/2025 13:10:54.531

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 13:22:23
Nº Rexistro: 36741
Data envío: 14/10/2025 13:22:23.841

Asinado o día 14/10/2025 ás 13:01
Por Silvia Longueira (

Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Socia e Emprego**.

A primeiros de outono, coñecemos o informe correspondente aos datos das listas de espera por especialidades e áreas sanitarias, referentes a xuño 2025.

Na área sanitaria de Lugo-A Mariña-Monforte, non se recoñece nin una certa mellora nos días de espera en cirurxía, nos de consultas en probas diagnósticas como radioloxía, estudos ou medicina nuclear.

Pero tamén se incrementa o número de persoas que están pendentes dunha intervención. E o que nos parece máis grave. O tempo de espera de prioridade 1, se aumenta e é superior a media de Galicia.

O mesmo nos sucede no caso das consultas. Aumenta considerablemente o número de persoas que están en lista de espera. Ademais o tempo medio de espera na área sanitaria de Lugo-A Mariña-Monforte, para una consulta, supera con moito a media galega.

Seguimos cunha mala situación coas listas de espera e por iso non é de estrañar que se converta nun dos grandes problemas que ten a sanidade en Galicia e en concreto na área sanitaria de Lugo-A Mariña-Monforte.

O máximo responsable de sanidade en Galicia, en maio do 2024, pedía dar “importancia relativa” ás listas de espera e que na súa opinión o importante son “os resultados que teñen esas listas de espera na saúde das e dos pacientes”.

Asinado o día 14/10/2025 ás 13:01
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 14/10/2025 ás 13:01
Por Lara Méndez López

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

129078

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 13:22:23
Nº Rexistro: 36741
Data envío: 14/10/2025 13:22:23.841

Neste ano, referíndose aos resultados do ano 2024, falaba de que as operacións de prioridade 1, reduciran o tempo medio de espera en 3,5 días. E, que os tempos de espera eran datos mellorables, pero xustificaba as causas de demora como "causas multifactoriais".

Pero non é tan difícil coñecer que os tempos en sanidade si son importantes: malestar da do paciente, angustia e inseguridade para eles e os seus familiares, cronificación das enfermidades e unha infinidade de problemáticas adicionais. E é pouco entendible que un dos incrementos se produzan coas cirurxías de tipo 1 ou en probas diagnósticas que poden ser o inicio dun percorrido máis longo.

E non é tan difícil recoñecer que as listas de espera, convertéronse nun gran problema, porque non existiu, nin existe, planificación nin xestión, para estar á altura das circunstancias que necesitan os usuarios da sanidade pública.

E os datos das listas de espera, poñen ao descuberto a nula vontade política do Goberno da Xunta de Galicia de arranxar o problema.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Que pensa facer a Consellería de Sanidade para rebaixar as listas de espera na área sanitaria de Lugo-A Mariña-Monforte?

Santiago de Compostela, a 13 de outubro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

129079

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 14/10/2025 13:01:17

Elena Espinosa Mangana na data 14/10/2025 13:01:24

Silvia Longueira Castro na data 14/10/2025 13:01:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 13:22:23
Nº Rexistro: 36741
Data envío: 14/10/2025 13:22:23.841

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/10/2025 13:22:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 13:22:23
Nº Rexistro: 36741
Data envío: 14/10/2025 13:22:23.841

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 13:23:59
Nº Rexistro: 36744
Data envío: 14/10/2025 13:23:59.294

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Montserrat Valcárcel Armesto, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a a anulación do proxecto básico e de execución, estudo de seguridade e saúde e servizo de dirección de obras para as obras de reforma para a creación dun Centro de Dependentes con Discapacidade de Lugo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 23 de xullo de 2025 a Xunta de Galiza informou a través da web de contratos públicos da desestimación/anulación do CPS-2025-0057:Servizo de redacción de proxecto básico e de execución, estudo de seguridade e saúde e servizo de dirección de obras para as obras de reforma para a creación dun Centro de Dependentes con Discapacidade de Lugo incluído dentro do 'Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia- financiado pola Unión Europea- NextGenerationEUpolo procedemento aberto simplificado.

Unha decisión adoptada despois da resolución do recurso interposto polo Colexio de Arquitectura diante do Tribunal Administrativo de Contratación Pública baseándose na infracción do establecido no artigo 145.4 da LCSP. Concretamente polo peso asignado á oferta económica (60 puntos) o que vulnera a lexislación que fixa nun mínimo do 51% os criterios de calidade da mesma.

Esta desestimación/anulación do procedemento supón a paralización do proxecto que xa non avanzaba nos termos anunciados polo goberno do Partido Popular.

Cómpre lembrar que:

Asinado o día 14/10/2025 ás
13:22
Por Montserrat Valcárcel Armesto

Asinado o día 14/10/2025 ás
13:22
Por Olalla Rodil Fernández



En outubro de 2024 a Xunta de Galiza, a través da Consellaría de Política Social, anunciou a reserva nos Orzamentos de 2025 de 1,3 millóns de euros para rehabilitar o edificio que ten na Rampa de Claudio López co obxectivo de crear nel un centro de atención integral a persoas con eferminades mentais graves. Unha partida orzamentaria que, en todo caso, non aparece desagregada como tal nas contas públicas.

O anuncio da Xunta viña acompañado dun outro que era a sinatura dun convenio con Alume para que fose a entidade social quen se encargase da posta en funcionamento dun centro de día e residencia. En xaneiro de 2025 nun acto público presidido pola propia conselleira de Política Social, o goberno galego aseguraba que a redacción do proxecto sairía a licitación no primeiro trimestre de 2025 co obxectivo de iniciar a obra en 2026 e poñer en funcionamento o centro en 2027.

Os retrasos no proxecto, na mesma redacción do proxecto, son atribuíbles única e exclusivamente a nefasta xestión do goberno do Partido Popular na Xunta que semella primar a redución de custes antes que a calidade do futuro centro.

Entretanto, é a veciñanza de Lugo, nomeadamente as persoas con enfermidades mentais graves, a grande prexudicada que seguirá agardando pola propaganda do Partido Popular.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Cando vai licitar a Xunta de Galiza a redacción do proxecto para a creación dun centro de dependentes con discapacidade en Lugo?

- Con que planificación temporal traballo a Xunta de Galiza tendo en conta o retraso ocasionado pola nefasta xestión do goberno galego?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 14/10/2025 13:22:50

Montserrat Valcárcel Armesto na data 14/10/2025 13:22:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 13:23:59
Nº Rexistro: 36744
Data envío: 14/10/2025 13:23:59.294

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/10/2025 13:23:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 13:23:59
Nº Rexistro: 36744
Data envío: 14/10/2025 13:23:59.294

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 13:33:02
Nº Rexistro: 36751
Data envío: 14/10/2025 13:33:02.596

Asinado o día 14/10/2025 ás 13:20
Por Elena Espinosa N

Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro, Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A primeiros de outono, coñecemos o informe correspondente aos datos das listas de espera por especialidades e áreas sanitarias, referentes a xuño 2025.

Recoñecemos certas melloras nos días de espera de probas diagnósticas e na media de cirurxías, pero tamén debemos recoñecer que, con estes datos na man, ponse de manifesto que un dos grandes problemas que ten a sanidade en Galicia e en concreto na área sanitaria de Coruña-Cee, seguen sendo as listas de espera.

Preocúpanos moito que os días de espera para as cirurxías de prioridade 1 aumentasen desde decembro do pasado ano a xuño de 2025. Da mesma forma que nos preocupa que se incrementan os días de espera e o número de persoas que están pendentes para unha consulta.

O máximo responsable de sanidade en Galicia, en maio do 2024, pedía dar “importancia relativa” ás listas de espera e que na súa opinión o importante son “os resultados que teñen esas listas de espera na saúde dos pacientes”.

Neste ano, referíndose aos resultados do ano 2024, falaba de que as operacións de prioridade 1, reduciran o tempo medio de espera en 3,5 días. E, que os tempos de espera eran datos mellorables, pero xustificaba as causas de demora como “causas multifactoriales”.

Asinado o día 14/10/2025 ás 13:19
Por Patricia Iglesias Rey

Asinado o día 14/10/2025 ás 13:19
Por Silvia Longueira Castro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

129086

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 13:33:02
Nº Rexistro: 36751
Data envío: 14/10/2025 13:33:02.596

Pero non é tan difícil coñecer que os tempos en sanidade si son importantes: malestar do paciente, angustia e inseguridade para eles e os seus familiares, cronificación das enfermidades e unha infinidade de problemáticas adicionais. E é pouco entendible que un dos incrementos prodúzanse coas cirurxías de tipo 1.

E non é tan difícil recoñecer que as listas de espera, convertéronse nun gran problema, porque non existiu, nin existe, planificación nin xestión, para estar á altura das circunstancias que necesitan os usuarios da sanidade pública.

E os datos das listas de espera, poñen ao descuberto a nula vontade política do Goberno da Xunta de Galicia de arranxar o problema.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

Que pensa facer a Consellería de Sanidade para rebaixar as listas de espera de cirurxía de prioridade 1 e as listas de espera de consultas da área sanitaria de Coruña-Cee?

Santiago de Compostela, a 14 de outubro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

129087

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 14/10/2025 13:19:47

Patricia Iglesias Rey na data 14/10/2025 13:19:54

Elena Espinosa Mangana na data 14/10/2025 13:20:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 13:33:02
Nº Rexistro: 36751
Data envío: 14/10/2025 13:33:02.596

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/10/2025 13:33:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 13:33:02
Nº Rexistro: 36751
Data envío: 14/10/2025 13:33:02.596

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 13:34:01
Nº Rexistro: 36753
Data envío: 14/10/2025 13:34:01.892

Asinado o día 14/10/2025 ás 13:28
Por Roberto Rodríguez

Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Roberto Rodríguez Martínez, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, José Alberto Pazos Couñago, Carmen María Pomar Tojo, María Felisa Rodríguez Carrera e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**

O Goberno galego vén de valorar os resultados do plan de choque contra a vespa velutina desenvolvido este ano, que permitiu, grazas ao trampeo selectivo levado a cabo, capturar máis de 230.000 raíñas, que supuxo un incrementado notorio con respecto ás cifras do 2024.

A captura das raíñas evita a proliferación de niños primarios e a aparición de futuros niños secundarios polo que é unha medida que demostrou ser moi eficaz.

Ademais da colocación de trampas, a loita contra velutina que está a desenvolver o Goberno galego inclúe a retirada de niños, a organización de actividades de formación e divulgación e a promoción da investigación.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

- Cales serán as liñas de actuación nas que incidirá o Goberno galego o vindeiro ano para conter a proliferación da vespa velutina?

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2025

Asinado o día 14/10/2025 ás 13:28
Por Julio García Comesaña

Asinado o día 14/10/2025 ás 13:28
Por Paula Prado del Río

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Rio na data 14/10/2025 13:28:22

Julio García Comesaña na data 14/10/2025 13:28:30

Roberto Rodríguez Martínez na data 14/10/2025 13:28:50

Argimiro Marnotes Fernández na data 14/10/2025 13:29:04

Paula Mouzo Mas na data 14/10/2025 13:29:26

Alberto Pazos Couñago na data 14/10/2025 13:29:40

Carmen Pomar Tojo na data 14/10/2025 13:30:11

María Felisa Rodríguez Carrera na data 14/10/2025 13:30:24

Katherinie Varela Fernández na data 14/10/2025 13:30:38



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/10/2025 13:34:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 13:34:01
Nº Rexistro: 36753
Data envío: 14/10/2025 13:34:01.892

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 13:49:53
Nº Rexistro: 36758
Data envío: 14/10/2025 13:49:53.803

Asinado o día 14/10/2025 ás 13:47
Por José Manuel Golp

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Brais Ruanova Vilas-Boas e Xosé Manuel Golpe Acuña, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre sinistralidade laboral.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vimos de coñecer os datos oficiais de sinistralidade laboral que ofrece o Ministerio de traballo até o mes de agosto do ano 2025, e novamente o número de mortes no traballo na Galiza é estarrecedor.

43 persoas morreron mentres traballaban neste período no noso país, 4 persoas máis que o ano anterior, un ano que rematou como sempre nos últimos anos con Galiza entre as comunidades autónomas con máis mortes no traballo do estado español.

Estes feitos amosan que esta inaceptábel situación non é unha cuestión excepcional senón estrutural, do mesmo xeito que a pasividade e a autocompracencia da Xunta que vimos denunciando reiteradamente.

Ademais a comparativa co estado español é moi preocupante xa que nesta ocasión prodúcese un aumento dos accidente de traballo no noso país, de todos eles, leves, graves e mortais, mentres se reducen no conxunto do estado español.

As causas dos accidentes tamén se repiten dun xeito absolutamente intolerábel, as caídas, esmagamentos, atrapamentos, deflagracións.... igual que se repiten as valoracións e as manifestacións das centrais sindicais, falla a prevención nos seus

Asinado o día 14/10/2025 ás 13:47
Por Brais Ruanova Vilas-Boas

Asinado o día 14/10/2025 ás 13:47
Por Ramón Fernández Alfonzo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aspectos máis básicos, na coordinación de actividades, na presenza dos recursos preventivos, ou en certos casos ausencia total de medidas preventivas.

Estamos diante dun escenario que só é posíbel pola tremenda tolerancia social e política cos incumprimentos en materia de prevención de riscos laborais. Unha tolerancia que constatamos continuamente nos discursos parlamentarios do Partido Popular a este respecto, e que é preciso mudar urxentemente, porque nunca haberá cultura preventiva mentres o goberno se negue a condenar explicitamente as mortes no traballo.

Unha tolerancia que tamén se concreta en dous aspectos da máxima importancia. A negativa a reclamar a competencia relativa á Inspección de Traballo e Seguridade Social malia o acordo maioritario neste sentido que o propio Partido Popular impulsou no Senado onde ten maioría. Un acordo que sen a correspondente reclamación desde o goberno galego revélase como un mero acto de propaganda, así como a falta de orzamento do ISSGA para desenvolver campañas de sensibilización, control e inspección con verdadeiro alcance social e impacto real no tecido produtivo.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

1. Como explica a Xunta da Galiza os niveis de sinistralidade do noso país?
2. Como valora a Xunta de Galiza a actuación da inspección de traballo no noso país?
3. Cantos expedientes sancionadores por infraccións en materia de Prevención de riscos laborais ten pechado a Xunta de Galiza durante os anos 2021, 2022, 2023 e 2024 e o que vai de 2025?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Considera a Xunta de Galiza que os medios, o persoal e as competencias do ISSGA son suficientes e funcionais para mudar os niveis de sinistralidade do noso país? Como valora o ISSGA o resultado das súas campañas?

5. Que opinión ten a Xunta de Galiza sobre a eficacia da investigación dos accidentes de traballo?

6. Cónstalle á Xunta de Galiza que a representación legal dos traballadores e traballadoras estea participando na investigación dos accidentes segundo establece a normativa vixente?

7. Que está a facer a Xunta de Galiza para mudar os niveis record de mortalidade laboral?

8. Por que se nega a Xunta de Galiza a condenar explicitamente as mortes no traballo?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 14/10/2025 13:47:14

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 14/10/2025 13:47:30

José Manuel Golpe Acuña na data 14/10/2025 13:47:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 13:49:53
Nº Rexistro: 36758
Data envío: 14/10/2025 13:49:53.803

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/10/2025 13:49:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 13:49:53
Nº Rexistro: 36758
Data envío: 14/10/2025 13:49:53.803

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36771
Data envío: 14/10/2025 15:47:01.581

Asinado o día 14/10/2025 ás 15:44
Por Silvia Longueira (

Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A primeiros de outono, coñecemos o informe correspondente aos datos das listas de espera por especialidades e áreas sanitarias, referentes a xuño 2025.

Na Area Sanitaria de Ferrol, recoñecemos certas melloras nos días de espera en consultas e algunhas probas diagnósticas.

Pero se incrementan os días de espera para unha cirurxía, ademais de incrementarse tamén o número de persoas en lista de espera.

Sen esquecermos de que tamén empeoran os tempos de espera para determinadas probas diagnósticas como as endoscopias.

Seguimos cunha mala situación coas listas de espera e por iso non é de estrañar que se converta en un dos grandes problemas que ten a sanidade en Galicia e en concreto na área sanitaria de Ferrol.

O máximo responsable de sanidade en Galicia, en maio do 2024, pedía dar “importancia relativa” ás listas de espera e que na súa opinión o importante son “os resultados que teñen esas listas de espera na saúde das e dos pacientes”. Neste ano, referíndose aos resultados do ano 2024, falaba de que os tempos de espera eran datos mellorables, pero xustificaba as causas de demora como “causas multifactoriais”.

Asinado o día 14/10/2025 ás 15:44
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 14/10/2025 ás 15:44
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

129098

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36771
Data envío: 14/10/2025 15:47:01.581

Pero non é tan difícil coñecer que os tempos en sanidade si son importantes: malestar do paciente, angustia e inseguridade para eles e os seus familiares, cronificación das enfermidades e unha infinidade de problemáticas adicionais. E é pouco entendible que un dos incrementos prodúzanse coas cirurxías de tipo 1 ou en probas diagnósticas que poden ser o inicio dun percorrido mais longo.

E non é tan difícil recoñecer que as listas de espera, convertéronse nun gran problema, porque non existiu, nin existe, planificación nin xestión, para estar á altura das circunstancias que necesitan os usuarios da sanidade pública.

E os datos das listas de espera, poñen ao descuberto a nula vontade política do Goberno da Xunta de Galicia de arranxar o problema.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que pensa facer a Consellería de Sanidade para rebaixar as listas de espera na área sanitaria de Ferrol?

Santiago de Compostela, a 14 de outubro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

129099

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 14/10/2025 15:44:07

Elena Espinosa Mangana na data 14/10/2025 15:44:38

Silvia Longueira Castro na data 14/10/2025 15:44:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36771
Data envío: 14/10/2025 15:47:01.581

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/10/2025 15:47:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36771
Data envío: 14/10/2025 15:47:01.581

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García e Montserrat Prado Cores, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a situación do Centro de Saúde do concello de Barreiros.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación da Atención Primaria na comarca da Mariña nos últimos anos é de absoluto caos cun evidentemente empobrecemento da calidade asistencial que provocou que na absoluta totalidade do concellos mariñáns houbera ausencia de persoal sanitario.

Esta situación chegou tamén ao Centro de Saúde de Barreiros no que a situación no mes de outubro foi totalmente inaceptable. E é que desde o comezo de outubro o Centro de Saúde de Barreiros atópase sen cubrir ningunha das tres prazas de médicos e médicas, deixando á poboación sen acceso á atención médica básica e provocando unha espera por consultas de ata tres semanas.

Esta situación chega ademais logo dun verán cunha saturación evidente dos servizos, só salvados pola profesionalidade e implicación do persoal que, como é evidente, agora acusa as consecuencias desa situación.

Alén disto, o Centro de Saúde de Barreiros leva anos soportando a aplicación de recortes en servizos á poboación (persoal para persoas desprazadas no verán, pediatría, matrona etc.) e de desprestixio dunha sanidade primaria pública que é porta de entrada e primeiro contacto co servizo sanitario.

Asinado o día 14/10/2025 ás
16:35
Por María Montserrat Prado Cores

Asinado o día 14/10/2025 ás
16:35
Por Daniel Castro García





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Polo tanto, e ante a vergonzosa resposta do Sergas, a sociedade barreirense demostrou o pasado día 13 unha resposta clara e evidente de repulsa a actual situación do seu Centro de Saúde.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Considera a Xunta de Galiza que a atención sanitaria do Centro de Saúde de Barreiros está garantida con ningún profesional sanitario?
- Vai a Xunta de Galiza cubrir as prazas baleiras no Centro de Saúde de Barreiros?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 14/10/2025 16:35:22

María Montserrat Prado Cores na data 14/10/2025 16:35:37



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 16:37:04
Nº Rexistro: 36774
Data envío: 14/10/2025 16:37:04.218

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 16:37:04
Nº Rexistro: 36774
Data envío: 14/10/2025 16:37:04.218

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/10/2025 16:37:04

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 16:53:28
Nº Rexistro: 36780
Data envío: 14/10/2025 16:53:28.437

Asinado o día 14/10/2025 ás 16:52
Por Elena Espinosa N

Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso, Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A primeiros de outono, coñecemos o informe correspondente aos datos das listas de espera por especialidades e áreas sanitarias, referentes a xuño 2025.

Recoñecemos certas melloras nos días de espera na media de consultas, pero tamén debemos recoñecer que, con estes datos na man, ponse de manifesto que un dos grandes problemas que ten a sanidade en Galicia e en concreto na Area sanitaria de Santiago-Barbanza, seguen sendo as listas de espera.

Preocúpanos moito que os días de espera para as cirurxías, que aumentaron tanto de media de espera como de persoas afectadas e tamén as de prioridade 1. Este aumento se produce desde decembro do pasado ano a xuño de 2025.

Da mesma forma que nos preocupa que se incrementan os días de espera e o número de persoas que están pendentes para unha proba diagnóstica.

O máximo responsable de sanidade en Galicia, en maio do 2024, pedía dar “importancia relativa” ás listas de espera e que na súa opinión o importante son “os resultados que teñen esas listas de espera na saúde dos pacientes”.

Neste ano, referíndose aos resultados do ano 2024, falaba de que as operacións de prioridade 1, reducirán o tempo medio de espera en 3,5 días. E, que os tempos de espera eran datos mellorables, pero xustificaba as causas de demora como “causas multifactoriais”.

Asinado o día 14/10/2025 ás 16:52
Por Patricia Iglesias Rey

Asinado o día 14/10/2025 ás 16:51
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

129106

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 16:53:28
Nº Rexistro: 36780
Data envío: 14/10/2025 16:53:28.437

Pero non é tan difícil coñecer que os tempos en sanidade si son importantes: malestar do paciente, angustia e inseguridade para eles e os seus familiares, cronificación das enfermidades e unha infinidade de problemáticas adicionais. E é pouco entendible que un dos incrementos prodúzanse coas cirurxías de tipo 1 ou en probas diagnósticas que poden ser o inicio dun percorrido mais longo.

E non é tan difícil recoñecer que as listas de espera, convertéronse nun gran problema, porque non existiu, nin existe, planificación nin xestión, para estar á altura das circunstancias que necesitan os usuarios da sanidade pública.

E os datos das listas de espera, poñen ao descuberto a nula vontade política do Goberno da Xunta de Galicia de arranxar o problema.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que pensa facer a Consellería de Sanidade para rebaixar as listas de espera de cirurxía e en especial as de prioridade 1 e as listas de espera de probas diagnósticas na área sanitaria de Santiago-Barbanza?

Santiago de Compostela, a 14 de outubro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

129107

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 14/10/2025 16:51:59

Patricia Iglesias Rey na data 14/10/2025 16:52:07

Elena Espinosa Mangana na data 14/10/2025 16:52:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 16:53:28
Nº Rexistro: 36780
Data envío: 14/10/2025 16:53:28.437

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 16:53:28
Nº Rexistro: 36780
Data envío: 14/10/2025 16:53:28.437

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/10/2025 16:53:29

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 14/10/2025 17:02:10

Nº Rexistro: 36786

Data envío: 14/10/2025 17:02:10.509

Asinado o día 14/10/25
17:00
Por Luis Bará Torres

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres e Montserrat Valcárcel Armesto, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa ás medidas a tomar para garantir garantir a finalización das obras de saneamento e “tanque de tormentas” na zona próxima a Fexdega, no concello de Vilagarcía; e o pago inmediato de todo o que se lle endebeda ás empresas subcontratadas pola adxudicataria para realizar os traballos, incluída a responsabilidade subsidiaria da Xunta.

Asinado o día 14/10/2025 ás
17:00
Por Montserrat Valcárcel Armesto

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O BNG leva denunciando a demora do proxecto da obra de construción dos tanques de tormenta situados na beira do Río do Con. En outubro de 2022 a Xunta levou a cabo a adxudicación das obras comprometéndose a que estas levaríanse a cabo nun prazo de 24 meses, non sendo ata marzo de 2023 cando estas se puxeron en marcha.

Case ano e medio despois, en agosto de 2024, dende Augas de Galiza presumiron publicamente de que a obra avanzaba a bo ritmo e segundo os prazos previstos. Sen embargo, a día de hoxe, máis dun ano despois dese anuncio por parte da Xunta, os prazos non só non se cumpriron senón que levan un atraso considerábel ao que se lle augura un futuro incerto.

Somos coñecedoras da situación actual que atravesamos o proxecto. Actualmente, e debido aos impagos acumulados por parte da empresa adxudicataria ás pequenas empresas subcontratadas, estas foron abandonando o proxecto facendo que este quede

Asinado o día 14/10/2025 ás
16:59
Por María Montserrat Prado Cores





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 17:02:10
Nº Rexistro: 36786
Data envío: 14/10/2025 17:02:10.509

practicamente parado. Estamos falando de cantidades importantes que nalgúns casos superan o ano de impagos.

Esta situación para o BNG é de extrema gravidade. Non podemos permitir que se cometa tal irresponsabilidade nun proxecto dunha administración pública, máis cando somos plenamente conscientes de que este tipo de situación pode supor que a débeda acumulada provoque o peche de varias destas empresas. Empresas que estiveron traballando na infraestrutura, investindo o seu tempo e recursos, cos gastos económicos que iso carrega e sen recibir compensación económica algunha polo seu traballo.

Polo tanto esixímoslle ao Partido Popular da Xunta de Galiza que actúe, que asuma a súa responsabilidade, se faga responsábel subsidiaria das débedas acumuladas, procedendo ao pagamento dos atrasos ás empresas e garantindo que estas cobren polo traballo realizado. Cónstanos que está ao tanto da situación e das reclamacións das persoas afectadas sen facer nada por solucionalo,

Non podemos consentir este tipo de actuacións. Nunha administración pública non poden ter cabida este tipo de empresas, agardamos que se tome nota do acontecido de cara a futuras licitacións, máis tendo en conta o que está acontecendo con esta mesma empresa noutros concellos nos que tamén está operando.

Temos moita preocupación de que, dada a situación que se está vivindo na obra, con ela parada, estea en risco a súa finalización provocando que esta quede inconclusa coa repercusión que iso tería para as nosas veciñas e veciños,

Por todo o exposto anteriormente, formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 17:02:10
Nº Rexistro: 36786
Data envío: 14/10/2025 17:02:10.509

Cal é o seguimento que fai a Xunta de Galiza da realización das obras que adxudica a terceiras empresas?

É coñecedora a Xunta de Galiza da situación de atraso nas obras de saneamento e “tanque de tormentas” na zona próxima a Fexdega, no concello de Vilagarcía e do impago ás empresas subcontratadas por parte da empresa á que lle adxudicou as mesmas?

Ten realizado a Xunta liquidacións á empresa concesionaria pola realización de traballos?

De ser así cales con as contías?

De ter feito esas liquidacións que accións vai realizar para que eses cartos públicos se destinen ás empresas que realizaron as obras?

Que medidas vai tomar a Xunta se verifican que non destinaron as contías para o fin que foron liquidadas?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 14/10/2025 16:59:53

Montserrat Valcárcel Armesto na data 14/10/2025 17:00:02

Luis Bará Torres na data 14/10/2025 17:00:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 17:02:10
Nº Rexistro: 36786
Data envío: 14/10/2025 17:02:10.509

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/10/2025 17:02:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 17:02:10
Nº Rexistro: 36786
Data envío: 14/10/2025 17:02:10.509

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O Hospital Arquitecto Marcide, centro de referencia da área sanitaria de Ferrol, volve ser noticia por motivos preocupantes. En apenas dous meses produciuse unha segunda caída de falsos teitos nas instalacións do hospital, concretamente na zona de consultas externas. Este novo incidente, segundo recollen os medios, súmase a outros acontecementos similares que poñen de manifesto o deterioro progresivo das infraestruturas sanitarias da comarca.

A situación xera unha evidente preocupación entre o persoal sanitario e entre os usuarios e usuarias do hospital, que ven como as deficiencias estruturais e o estado de conservación das instalacións poñen en risco a súa seguridade. Estes feitos non son illados, senón que forman parte dun problema máis amplo: a falta de investimentos e mantemento nos hospitais públicos galegos, e moi especialmente no de Ferrol, que leva anos agardando as reformas comprometidas pola Xunta de Galicia.

Cómpre lembrar que o Hospital Marcide acumula un atraso de máis de dous anos nas obras de ampliación e mellora anunciadas pola Consellería de Sanidade, o que evidencia unha clara desatención por parte do Goberno galego cara a unha infraestrutura esencial para máis de 150.000 habitantes da área de Ferrolterra, Eume e Ortegal.



O sistema sanitario público galego precisa centros seguros, modernos e ben mantidos. Resulta inaceptable que nun hospital público poidan producirse desprendementos en zonas de atención ao público sen que a Xunta actúe con dilixencia para corrixir as causas e garantir que non se repitan.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Elaborou o Goberno galego algún estudo ou informe técnico que analice as causas que están a provocar estas situacións no Hospital Arquitecto Marcide?
2. En caso afirmativo, cales son as conclusións?

Santiago de Compostela, a 14 de outubro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 14/10/2025 17:50:04

Elena Espinosa Mangana na data 14/10/2025 17:50:09

Silvia Longueira Castro na data 14/10/2025 17:50:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 18:15:55
Nº Rexistro: 36793
Data envío: 14/10/2025 18:15:55,398

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/10/2025 18:15:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 18:15:55
Nº Rexistro: 36793
Data envío: 14/10/2025 18:15:55,398

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O Hospital Arquitecto Marcide, centro de referencia da área sanitaria de Ferrol, volve ser noticia por motivos preocupantes. En apenas dous meses produciuse unha segunda caída de falsos teitos nas instalacións do hospital, concretamente na zona de consultas externas. Este novo incidente, segundo recollen os medios, súmase a outros acontecementos similares que poñen de manifesto o deterioro progresivo das infraestruturas sanitarias da comarca.

A situación xera unha evidente preocupación entre o persoal sanitario e entre os usuarios e usuarias do hospital, que ven como as deficiencias estruturais e o estado de conservación das instalacións poñen en risco a súa seguridade. Estes feitos non son illados, senón que forman parte dun problema máis amplo: a falta de investimentos e mantemento nos hospitais públicos galegos, e moi especialmente no de Ferrol, que leva anos agardando as reformas comprometidas pola Xunta de Galicia.

Cómpre lembrar que o Hospital Marcide acumula un atraso de máis de dous anos nas obras de ampliación e mellora anunciadas pola Consellería de Sanidade, o que evidencia unha clara desatención por parte do Goberno galego cara a unha infraestrutura esencial para máis de 150.000 habitantes da área de Ferrolterra, Eume e Ortegal.



O sistema sanitario público galego precisa centros seguros, modernos e ben mantidos. Resulta inaceptable que nun hospital público poidan producirse desprendementos en zonas de atención ao público sen que a Xunta actúe con dilixencia para corrixir as causas e garantir que non se repitan.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia dos reiterados desprendementos de falsos teitos no Hospital Arquitecto Marcide?
2. Que medidas se adoptaron para garantir que non se volva producir un incidente semellante?
3. Está previsto un plan específico de revisión e mantemento estrutural nas instalacións do hospital?

Santiago de Compostela, a 14 de outubro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 14/10/2025 17:50:36

Elena Espinosa Mangana na data 14/10/2025 17:50:53

Silvia Longueira Castro na data 14/10/2025 17:50:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 18:17:20
Nº Rexistro: 36798
Data envío: 14/10/2025 18:17:20.556

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/10/2025 18:17:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 18:17:20
Nº Rexistro: 36798
Data envío: 14/10/2025 18:17:20.556

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O Hospital Arquitecto Marcide, centro de referencia da área sanitaria de Ferrol, volve ser noticia por motivos preocupantes. En apenas dous meses produciuse unha segunda caída de falsos teitos nas instalacións do hospital, concretamente na zona de consultas externas. Este novo incidente, segundo recollen os medios, súmase a outros acontecementos similares que poñen de manifesto o deterioro progresivo das infraestruturas sanitarias da comarca.

A situación xera unha evidente preocupación entre o persoal sanitario e entre os usuarios e usuarias do hospital, que ven como as deficiencias estruturais e o estado de conservación das instalacións poñen en risco a súa seguridade. Estes feitos non son illados, senón que forman parte dun problema máis amplo: a falta de investimentos e mantemento nos hospitais públicos galegos, e moi especialmente no de Ferrol, que leva anos agardando as reformas comprometidas pola Xunta de Galicia.

Cómpre lembrar que o Hospital Marcide acumula un atraso de máis de dous anos nas obras de ampliación e mellora anunciadas pola Consellería de Sanidade, o que evidencia unha clara desatención por parte do Goberno galego cara a unha infraestrutura esencial para máis de 150.000 habitantes da área de Ferrolterra, Eume e Ortegal.



O sistema sanitario público galego precisa centros seguros, modernos e ben mantidos. Resulta inaceptable que nun hospital público poidan producirse desprendementos en zonas de atención ao público sen que a Xunta actúe con dilixencia para corrixir as causas e garantir que non se repitan.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

En que fase se atopa o proxecto de ampliación e reforma do Hospital Arquitecto Marcide e cal é o calendario previsto para a súa finalización?

Santiago de Compostela, a 14 de outubro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 14/10/2025 17:51:14

Elena Espinosa Mangana na data 14/10/2025 17:52:18

Silvia Longueira Castro na data 14/10/2025 17:52:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 18:18:18
Nº Rexistro: 36801
Data envío: 14/10/2025 18:18:18.663

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/10/2025 18:18:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 18:18:18
Nº Rexistro: 36801
Data envío: 14/10/2025 18:18:18,663

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O Hospital Arquitecto Marcide, centro de referencia da área sanitaria de Ferrol, volve ser noticia por motivos preocupantes. En apenas dous meses produciuse unha segunda caída de falsos teitos nas instalacións do hospital, concretamente na zona de consultas externas. Este novo incidente, segundo recollen os medios, súmase a outros acontecementos similares que poñen de manifesto o deterioro progresivo das infraestruturas sanitarias da comarca.

A situación xera unha evidente preocupación entre o persoal sanitario e entre os usuarios e usuarias do hospital, que ven como as deficiencias estruturais e o estado de conservación das instalacións poñen en risco a súa seguridade. Estes feitos non son illados, senón que forman parte dun problema máis amplo: a falta de investimentos e mantemento nos hospitais públicos galegos, e moi especialmente no de Ferrol, que leva anos agardando as reformas comprometidas pola Xunta de Galicia.

Cómpre lembrar que o Hospital Marcide acumula un atraso de máis de dous anos nas obras de ampliación e mellora anunciadas pola Consellería de Sanidade, o que evidencia unha clara desatención por parte do Goberno galego cara a unha infraestrutura esencial para máis de 150.000 habitantes da área de Ferrolterra, Eume e Ortegal.



O sistema sanitario público galego precisa centros seguros, modernos e ben mantidos. Resulta inaceptable que nun hospital público poidan producirse desprendementos en zonas de atención ao público sen que a Xunta actúe con dilixencia para corrixir as causas e garantir que non se repitan.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Ten previsto o Goberno galego incorporar aos Orzamentos de 2026 as partidas precisas para garantir a execución total das melloras precisas para que non volvan a ocorrer estas situacións?

Santiago de Compostela, a 14 de outubro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 14/10/2025 17:52:32

Elena Espinosa Mangana na data 14/10/2025 17:52:39

Silvia Longueira Castro na data 14/10/2025 17:52:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 18:19:07
Nº Rexistro: 36804
Data envío: 14/10/2025 18:19:07,860

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/10/2025 18:19:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 18:19:07
Nº Rexistro: 36804
Data envío: 14/10/2025 18:19:07.860

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 10:00:56
Nº Rexistro: 36809
Data envío: 15/10/2025 10:00:56.195

Asinado o día 15/10/2025 ás 09:58
Por Brais Ruanova Vi

Á Mesa do Parlamento

Carmela González Iglesias, Brais Ruanova Vilas-Boas, Alexandra Fernández Gómez e Mercedes Queixas Zas, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a declaración de Ben de Interese Cultural da Alameda de Vigo.

Asinado o día 15/10/2025 ás 09:58
Por Alexandra Fernández Gómez

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Alameda de Vigo, como é coñecida popularmente a Praza de Compostela, é un xardín histórico situado no denominado ensanche da cidade. É un parque-xardín urbano que historicamente é utilizado pola veciñanza da zona como espazo de encontro e lecer, máis tamén como lugar de celebración de eventos relevantes. Ao longo dos seus 150 anos de existencia foi escenario de numerosos acontecementos históricos, espazo de homenaxe a personaxes ilustres, lugar de celebración de actividades culturais e deportivas e desde os anos 50 é o lugar de celebración da Feira do libro.

A Alameda foi o primeiro xardín urbano público de Vigo, creado no século XIX sobre terreos gañados ao mar, alberga nos seus 9.000 metros cadrados un conxunto botánico de incalculable interese, con especies centenarias e singulares, algunhas delas incluídas no Catálogo galego de árbores senlleiras, e acolle un bo número de esculturas e monumentos conmemorativos de gran valor artístico e cultural, o que converte este espazo nun enclave de gran relevancia cultural, natural e artística.

Asinado o día 15/10/2025 ás 09:58
Por Carmela González Iglesias

O xardín está catalogado como histórico e incluído no Catálogo de Bens Culturais do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo e no Inventario de Bens Culturais de Galiza, máis a pesares da protección especial que lle outorga a Lei de Patrimonio





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Cultural de Galiza, segundo a que a administración está obrigada a protexer todos os bens incluídos en dito inventario, a realidade é que as nefastas actuacións e decisións, así como a falta de mantemento e o abandono ao que está sometido o xardín teñen provocado danos irreparables e un deterioro en todo o parque que é preciso frear e reverter.

A realidade é que, lonxe de procurar esa protección, son as propias administracións as que promoven actividades que danan os xardíns. A veciñanza da zona ten denunciado nos últimos anos a instalación de un mercado enmarcado nas actividades de Nadal que organiza o Concello de Vigo.

O concello cede gratuitamente a Alameda a un grupo de empresarios procedentes de Madrid que transforman os xardíns protexidos e nunha feira multitudinaria na que se instalan un cento de casetas de madeira, a maioría delas destinadas á venda de alimentos e bebidas alcohólicas. Durante os preto de tres meses nos que está instalado este mercado producíronse vertidos de aceite e líquidos aos sumidoiros que recollen as augas pluviais así como a gran acumulación de lixo e residuos xerados pola actividade que atraen as ratas e as gaivotas, colocouse cableado nas árbores protexidas e producíronse graves danos na vexetación e nos xardíns. A todo isto hai que engadirlle as agresións que sofren a fauna e a flora da Alameda que son sometidas a unha intensa contaminación acústica e luminosa, contaminación que tamén afecta e prexudican á veciñanza da zona.

O BNG de Vigo ten presentado diante da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural unha denuncia por estas agresións á Alameda sen que teña recibido resposta algunha, o que demostra a complicidade do goberno galego diante do deterioro e abandono da Alameda de Vigo.

Compre que as administracións tomen medidas para garantir a protección que lle corresponde a un ben cultural catalogado e que tanto o Concello de Vigo como a Xunta de Galiza cumpran e fagan cumprir a legalidade evitando que a Alameda sega deteriorando, máis non só é necesario que se avance na protección e na recuperación dos xardíns e das





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

obras escultóricas e monumentais situadas na Praza de Compostela. Máis tamén é necesario incrementar o grao de protección deste xardín histórico declarándoo Ben de Interese Cultural, declaración que lle compete á Xunta de Galiza.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Ten coñecemento o Goberno Galego da situación de abandono e deterioro o que está sometida a Alameda de Vigo, oficialmente coñecida como Praza de Compostela?
- Ten competencias en materia de patrimonio o goberno galego para evitar a instalación dun mercado durante os meses de novembro, decembro e xaneiro na Alameda de Vigo?
- Cal é o motivo polo que a Dirección Xeral de Patrimonio non actúa ante as continuas denuncias de agresións aos xardíns históricos da Alameda?
- Téñense levado a cabo inspeccións para verificar as denuncias presentadas pola veciñanza e polo BNG de Vigo das infraccións da Lei de patrimonio de Galiza na Alameda de Vigo durante a instalación do Mercado de Nadal?
- Tramitou a Dirección Xeral de Patrimonio a denuncia presentada polo BNG de Vigo? Cal foi a resolución da mesma?
- Pensa o goberno galego que é preciso ampliar a protección dos xardín históricos da Praza de Compostela de Vigo?
- Vai o goberno galego a declarar Ben de Interese Cultural á Alameda de Vigo tal e como demanda a veciñanza da zona?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 15/10/2025 9:58:38

Alexandra Fernández Gómez na data 15/10/2025 9:58:46

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 15/10/2025 9:58:53

Mercedes Queixas Zas na data 15/10/2025 9:58:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 10:00:56
Nº Rexistro: 36809
Data envío: 15/10/2025 10:00:56.195

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/10/2025 10:00:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 10:00:56
Nº Rexistro: 36809
Data envío: 15/10/2025 10:00:56.195

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Ariadna Fernández González, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a proposta de protocolo de prevención, detección e seguimento ante situacións de violencia no SAF.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello da Xunta do 13 de outubro de 2025 abordou unha proposta de protocolo de prevención, detección e seguimento ante situacións de violencia nos domicilios nos que se presta o Servizo de Axuda no Fogar. Así o comunicou o presidente da Xunta posteriormente aos medios de comunicación avanzando algúns elementos dese protocolo que, en todo caso, non é público.

De feito, contrastado coa Fegamp, os concellos galegos descoñecen no momento de redixir esta iniciativa (14 de outubro) a existencia dese protocolo e as medidas previstas no mesmo alén do anunciado polo propio presidente da Xunta.

Segundo a Xunta, o protocolo “ofrece recomendacións e directrices” diante de “diferentes formas de violencia laboral externa”. Entre esas “recomendacións e directrices” inclúense “manter operativo o teléfono móbil, prever acompañamento temporal cando as circunstancias o requiran” ou “dotar as traballadoras de coñecementos e habilidades específicas en materia de prevención da violencia, comunicación, resolución de conflitos”.

Nin un só compromiso orzamentario para poder aplicar as medidas previstas no protocolo nin tampouco reforma normativa ningunha que garanta o seu cumprimento.

Asinado o día 15/10/2025 ás
10:52
Por Ariadna Fernández González

Asinado o día 15/10/2025 ás
10:52
Por Olalla Rodil Fernández





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por todo o exposto formúlasne as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para garantir o cumprimento e aplicación do protocolo de prevención, detección e seguimento ante situacións de violencia no SAF?
- Vai dotar os concellos de máis recursos económicos para poder aplicar as medidas previstas nel?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 15/10/2025 10:52:05

Ariadna Fernández González na data 15/10/2025 10:52:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 10:53:41
Nº Rexistro: 36815
Data envío: 15/10/2025 10:53:41.692

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 10:53:41
Nº Rexistro: 36815
Data envío: 15/10/2025 10:53:41.692

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/10/2025 10:53:42

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Argimiro Marnotes Fernández, Rubén Lorenzo Gómez, Roberto Rodríguez Martínez, e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios

Coa aprobación da Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, e o aval que esta norma autonómica recibiu do Tribunal Constitucional, Galicia avanzou no seu autogoberno, como comunidade autónoma marítima por excelencia, que dispón do litoral máis longo de toda España.

A xestión plena da nosa costa -efectiva desde o pasado 1 de xullo, cando a Xunta de Galicia recibiu o traspaso de medios, funcións e servizos nesta materia- permite que a toma de decisións sobre o litoral resida na administración que mellor coñece este territorio.

Ademais, o Goberno galego conseguiu tamén frear as intencións do Goberno central de eliminar calquera vestixio de presenza humana do litoral sen ter en conta o impacto deste tipo de decisións que agora si son avaliadas desde a tripla perspectiva ambiental, social e económica, e sempre coa máxima garantía técnica e xurídica.

Superado un tempo máis que prudencial na aplicación desta nova lexislación, cómpre facer un primeiro balance para confirmar se respondeu á expectativa suscitada polo traspaso a Galicia desta competencia.

É polo que, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte pregunta:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia dos primeiros meses de xestión plena do litoral por parte da administración autonómica?
2. Cantas autorizacións se teñen tramitado pola Xunta de Galicia autorizando usos e actividades no litoral? De que tipo?





3. O exercicio desde Galicia desta competencia permitiu que os galegos e as galegas puideron desfrutar de actividades deportivas ou culturais nas praias e a súa contorna e outros eventos de interese local, nacional e internacional?

Santiago de Compostela, 14 de outubro 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 14/10/2025 17:40:08

Roberto Rodríguez Martínez na data 14/10/2025 17:40:16

Carmen Pomar Tojo na data 14/10/2025 17:40:42

José Luis Ferro Iglesias na data 14/10/2025 17:40:57

Cristina Campero Dorado na data 14/10/2025 17:41:06

María Deza Martínez na data 14/10/2025 17:41:17

Argimiro Marnotes Fernández na data 14/10/2025 17:41:29

Rubén Lorenzo Gómez na data 14/10/2025 17:41:42

Katherinie Varela Fernández na data 14/10/2025 17:41:52



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/10/2025 12:33:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 12:33:20
Nº Rexistro: 36825
Data envío: 15/10/2025 12:33:20.660

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, Jesús María Fernández Rosende, María Deza Martínez, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Más, María Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González, Patricia García González e Manuel Santos Costa ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral en comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

A Xunta de Galicia sempre defenderá os intereses do sector pesqueiro galego achegando propostas, construtivas e en positivo, que favorezan un marco normativo actualizado e coherente coa realidade da actividade pesqueira da nosa comunidade.

Nese contexto, o Goberno galego formulou alegacións ao Real Decreto estatal 502/2022 no que se regula o exercicio da pesca nos caladoiros nacionais, todo iso co obxecto de acomodar a actividade destes espazos compartidos á que desenvolve a frota galega.

Así por exemplo, nestas augas exteriores contiguas a Galicia buques pesqueiros foráneos con base noutras comunidades non cumpren os mesmos períodos de descanso semanal que son obrigatorios para a frota galega.

Outras peticións incorporadas nas alegacións galegas teñen que ver coa incorporación do palangre demersal na clasificación de aparellos de anzois, o que permitiría un tratamento diferenciado respecto ás artes de fondo. E unha regulación específica para o arte coñecido como rasco.

O obxectivo é que o conxunto da frota que opera en augas do mar territorial e da Zona Económico Exclusiva adxacentes á costa galega operen baixo o mesmo marco normativo e corrixir discriminacións.

Parece lóxico que aqueles profesionais do mar que operan en caladoiros compartidos o fagan baixo as mesmas regras operativas de traballo que rexen para os maioritarios, a frota galega.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas:

- En que consisten, máis polo miúdo, as alegacións formuladas pola Consellería do Mar ao Real Decreto estatal 502/2022 no que se regula o exercicio da pesca nos caladoiros nacionais?





- Que expectativas ten o Goberno galego de que ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación atenda as alegacións presentadas por Galicia?

Santiago de Compostela, 14 de outubro 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 14/10/2025 17:35:08

Raúl Santamaría González na data 14/10/2025 17:35:29,14/10/2025 17:36:35

Jesús María Fernández Rosende na data 14/10/2025 17:35:43

María Deza Martínez na data 14/10/2025 17:35:51

Dolores Hermelo Piñeiro na data 14/10/2025 17:35:59

Paula Prado del Río na data 14/10/2025 17:36:13

María Magdalena Pérez Millares na data 14/10/2025 17:36:23

Patricia García González na data 14/10/2025 17:36:49

Manuel Santos Costa na data 14/10/2025 17:37:04



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/10/2025 12:34:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 12:34:00
Nº Rexistro: 36829
Data envío: 15/10/2025 12:34:00,537

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Carmela González Iglesias, Brais Ruanova Vilas-Boas, Alexandra Fernández Gómez e Mercedes Queixas Zas, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre o achegamento á cidadanía de Vigo a figura, a obra e o legado de Begoña Caamaño.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 20 de xuño de 2025 o pleno da Real Academia Galega acordou dedicar o Día das Letras Galegas 2026 á escritora e xornalista Begoña Caamaño, nacida en Vigo en 1964.

A Real Academia Galega salienta desta autora non só a súa obra narrativa, senón tamén o seu labor xornalístico, caracterizado polo compromiso coa verdade, coa lingua galega e cunha perspectiva feminista que impregna toda a súa traxectoria. Pola súa parte, o Consello da Cultura Galega definiuna como “unha voz imprescindible do feminismo galego”, definición coa que ela mesma se identificaba ao proclamarse “galega e feminista”.

Begoña Caamaño foi unha autora que cultivou o galego con esmero, tanto na súa narrativa como no seu traballo xornalístico. Viviu comprometida coa realidade do seu tempo e implicouse activamente en causas sociais, culturais e políticas, na defensa dos dereitos humanos, o pacifismo, a liberdade e a dignidade das persoas.

Nacida no barrio vigués do Calvario, Caamaño formouse e iniciou a súa traxectoria profesional na cidade, traballando en medios de comunicación como Radio Noroeste, Radio Popular e na Radio Galega, entre outros. Vigo foi a cidade onde medrou,





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

se formou e se consolidou como xornalista e activista, e participou intensamente na vida cultural, social e política da cidade. Hoxe, moitas persoas viguesas lembran o seu labor intelectual, social, sindical e feminista, e continúan vivos os vínculos profundos que a uniron á cidade: os familiares, os de veciñanza, os profesionais e os de compromiso social.

A cidade de Vigo, pola súa significación na vida e obra de Begoña Caamaño, debe ocupar un lugar central nas actividades do Día das Letras Galegas 2026. Por iso, consideramos necesario que a Xunta de Galicia despregue, ao longo de todo o ano 2026, un amplo abano de actividades e campañas específicas no concello de Vigo co obxectivo de achegar á cidadanía a figura, a obra e o legado de Begoña Caamaño.

Estas iniciativas deben estar dirixidas tanto ao estudantado dos distintos niveis educativos —infantil, primario, secundario e universitario— como ao conxunto da poboación, de xeito que a Xunta garanta o dereito das viguesas e dos vigueses a coñecer e recoñecer a traxectoria dunha muller que naceu, se formou e desenvolveu boa parte da súa actividade intelectual e social nesta cidade.

As actuacións e campañas vinculadas ao Día das Letras Galegas 2026 deben servir, ademais, como recoñecemento público e posta en valor da contribución de Begoña Caamaño á literatura, ao xornalismo e ao pensamento feminista, nunha cidade que a viu nacer, formarse e medrar como unha das voces máis singulares e comprometidas da cultura galega contemporánea.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Como valora o Goberno galego a decisión da Real Academia Galega de dedicar o Día das Letras Galegas 2026 á escritora e xornalista Begoña Caamaño?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- Ten previsto o Goberno galego desenvolver actividades e campañas para achegar a figura, a obra e o legado de Begoña Caamaño no concello de Vigo?

- Cre o Goberno galego que Vigo, como maior cidade de Galiza, debe contar con unha programación cultural promovida pola Xunta de Galicia?

- Cal é o motivo polo que o Goberno galego non ten desenvolvido en Vigo ningunha actividade dentro da programación polo Día das Letras Galegas da Xunta de Galicia, nen sequera cando o autor homenaxeado foi Francisco Fernández del Riego que desenvolveu a maior parte da súa actividade cultural e política na cidade olívica?

- Pensa o goberno galego que as 300.000 persoas que viven na maior cidade de Galiza precisan e merecen que a Xunta de Galicia desenvolva unha programación cultural en Vigo?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 15/10/2025 12:49:44

Alexandra Fernández Gómez na data 15/10/2025 12:49:55

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 15/10/2025 12:50:04

Mercedes Queixas Zas na data 15/10/2025 12:50:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 12:52:26
Nº Rexistro: 36835
Data envío: 15/10/2025 12:52:26.093

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/10/2025 12:52:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 12:52:26
Nº Rexistro: 36835
Data envío: 15/10/2025 12:52:26.093

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36945
Data envío: 15/10/2025 14:00:58,135

Asinado o día 15/10/2025
13:58
Por Silvia Longueira (

Á MESA DO PARLAMENTO

María del Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

Nas últimas dúas semanas vivimos na provincia de Ourense dúas noticias alarmantes, unha vivenda comunitaria de maiores, San Gabriel en Xinzo de Limia e unha residencia de maiores O Xardín en Amoeiro, foron clausuradas pola Xunta de Galicia tras detectarse graves irregularidades na atención ás persoas residentes.

Falamos de mulleres e homes de idade avanzada, que confiaron en atopar neses centros un lugar tranquilo, digno e seguro para vivir. Non entanto, a realidade coa que se atoparon foi outra: sobreocupación, deficiencias sanitarias e alimentarias, e nalgúns casos, un grao de dependencia superior ao autorizado para este tipo de instalacións.

O centro de Xinzo, autorizado para acoller a dez persoas, segundo informa un medio de comunicación, tiña 15 residentes no momento da inspección. As condicións detectadas polos funcionarios da Xunta foron o suficientemente graves como para ordenar o peche inmediato e o traslado urxente dos maiores a outras prazas da rede pública. En Amoeiro, outra vivenda comunitaria foi tamén clausurada o que levou mesmo á Fiscalía a abrir dilixencias para investigar as condicións nas que vivían as persoas usuarias.

Estes casos son un sinal de alerta sobre un sistema que non está a garantir o que debe: seguridade, atención de calidade e dereitos básicos para as persoas maiores.

Asinado o día 15/10/2025 ás
13:58
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 15/10/2025 ás
13:58
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

129153

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



As vivendas comunitarias, especialmente nas zonas rurais, xurdiron como unha alternativa moi valiosa para quen non pode vivir só pero tampouco precisa unha residencia de alta dependencia. Porén, sen un control real e continuado, este modelo pode converterse nun espazo de vulnerabilidade e risco.

É necesario preguntarse:

- Como é posible que se chegase a esta situación sen que se detectase antes?
- Cantos centros máis poderían estar operando por enriba da súa capacidade ou con persoal insuficiente?
- Está a Xunta de Galicia a cumprir co seu deber de supervisión e control dun servizo que afecta a un dos colectivos máis fráxiles da nosa sociedade?

Cando unha Administración autoriza e supervisa un centro, debe garantir que as condicións reais coincidan coas esixidas pola lei, e que ningunha persoa quede desprotexida.

Por iso, o que aconteceu en Xinzo de Limia e en Amoeiro debe ser un punto de inflexión. A Xunta de Galicia ten que dar explicacións, pero sobre todo tomar medidas: reforzar as inspeccións, dotar de máis medios ao persoal que as realiza, poñer en marcha protocolos de alerta e denuncia accesibles para familiares e usuarios, e asegurar que ningún centro quede fóra do control público.

Por todo iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Cales son os protocolos con que se realizan os controis e inspeccións nestes centros ?



2. Conta a Xunta con persoal suficiente e especializado para desenvolver estas funcións?

3. Pode o Goberno galego informar sobre o número total de vivendas comunitarias inspeccionadas no último ano, e cantas foron obxecto de sancións, advertencias ou clausuras por irregularidades? E de residencias de maiores?

4. Que medidas de acompañamento se ofreceron ás persoas maiores e familias afectadas polos peches de San Gabriel (Xinzo de Limia) e O Xardín (Amoeiro)? En que condicións e centros foron reubicadas?

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 15/10/2025 13:58:39

Elena Espinosa Mangana na data 15/10/2025 13:58:47

Silvia Longueira Castro na data 15/10/2025 13:58:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36945
Data envío: 15/10/2025 14:00:58,135

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/10/2025 14:00:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36945
Data envío: 15/10/2025 14:00:58,135

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36948
Data envío: 15/10/2025 14:05:35,474

Asinado o día 15/10/2025 ás 13:58
Por Argimiro Marnote

Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Paula Prado del Río, Argimiro Marnotes Fernández, Julio García Comesaña, Roberto Rodríguez Martínez, Paula Mouzo Mas, José Alberto Pazos Couñago, Carmen María Pomar Tojo, María Felisa Rodríguez Carrera e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**

A alta velocidade ferroviaria representa unha gran oportunidade para Galicia ao facilitar a conexión co resto de España e de Europa, favorecer a mobilidade cidadá, o crecemento económico a través do turismo e máis oportunidades de investimento e para as empresas.

Con todo, o seu aproveitamento atópase con atrancos derivados de múltiples factores: incidencias no funcionamento dos trens (avarías e retrasos), prazas insuficientes, convivencia de tramos de vía única e, tamén, coa falta de compromiso con proxectos como poden ser as variantes ferroviarias de interese estratéxico.

Así por exemplo, desde Galicia sempre mantivemos unha posición favorable para a construción da variante de Cerdedo, con todas as garantías ambientais, para permitir así unha conexión directa do tren de alta velocidade cara a Vigo que reduza os tempos.

Tanto o Parlamento de Galicia como o Goberno galego solicitou ao Executivo central que traslade información concreta e realista sobre as súas previsións de execución cun calendario de tramitación e posta en servizo desta infraestrutura xa que, segundo os prazos dos trámites necesarios, a inauguración deste tramo non sería posible ata 2040.

A demora dos trámites por parte do Ministerio obrigou a que agora haxa que actualizar o estudo informativo á normativa actual, cando xa se aprobara inicialmente en 2010. Esta mesma circunstancia pod aplicarse a outras moitas

infraestruturas estatais pendentes que sofren prazos de tramitación e desenvolvemento moi superiores aos precisos e que dilatan expectativas de mobilidade dos galegos.

Polo tanto, desde o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, entendemos necesario esixir ao Goberno central compromiso real coa execución da variante de Cerdedo para

Asinado o día 15/10/2025 ás 13:58
Por Paula Prado del Río

Asinado o día 15/10/2025 ás 13:58
Por Gonzalo Trenor López

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





que este proxecto non se sume á lista de demoras e incumprimentos por parte do Estado con Galicia en materia de mobilidade .

É polo que, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular, formulan a seguinte pregunta:

-Que opinión lle merece ao Goberno galego a demora na tramitación da variante ferroviaria de Cerdedo por parte do Goberno de España, que obriga a actualizar o estudo ambiental e retrasa a oportunidade de contar cunha conexión directa do tren de alta velocidade cara a Vigo que reduza os tempos?

Santiago de Compostela, 15 de outubro 2025.



Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 15/10/2025 13:58:32

Paula Prado del Rio na data 15/10/2025 13:58:46

Argimiro Marnotes Fernández na data 15/10/2025 13:58:59

Julio García Comesaña na data 15/10/2025 13:59:10,15/10/2025 13:59:22

Roberto Rodríguez Martínez na data 15/10/2025 13:59:34

Paula Mouzo Mas na data 15/10/2025 13:59:46

Alberto Pazos Couñago na data 15/10/2025 14:00:02

María Felisa Rodríguez Carrera na data 15/10/2025 14:00:16,15/10/2025 14:00:25

Katherinie Varela Fernández na data 15/10/2025 14:00:39



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/10/2025 14:05:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36948
Data envío: 15/10/2025 14:05:35.474

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Paula Prado del Rio, Argimiro Marnotes Fernández, Julio García Comesaña, Roberto Rodríguez Martínez, Paula Mouzo Mas, José Alberto Pazos Couñago, Carmen María Pomar Tojo, María Felisa Rodríguez Carrera e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**

A alta velocidade ferroviaria representa unha gran oportunidade para Galicia ao facilitar a conexión co resto de España e de Europa, favorecer a mobilidade cidadá, o crecemento económico a través do turismo e máis oportunidades de investimento e para as empresas.

Con todo, o seu aproveitamento atópase con atrancos derivados dos problemas no funcionamento do servizo (retrasos, avarías, falta de prazas,...) e da carencia dun plan para o seu completo desenvolvemento que faga posible a chegada do AVE a cidades como Lugo e Ferrol que aínda carecen de conexión.

Outro dos factores que condicionan a alta velocidade en Galicia, é a necesidade de cambiar o ancho de vía que permita homologar a liña galega cos principais corredores de alta velocidade e gañar competitividade, unha demanda avalada pola Unión Europea. Na actualidade, hai máis de 100km de vía única na liña de alta velocidade en Galicia que limitan a capacidade ao circular só un tren ademais do bloqueo por calquera incidencia.

A este respecto, a propia Comisión Nacional de Mercados e da Competencia (CNMC) nun recente informe viña a recoñecer que a convivencia de anchos diferentes limita a competitividade e supón unha barreira de entrada para outros operadores que non sexan Renfe.

Este panorama fai que a liña Madrid-Galicia teña ata un 75% menos de capacidade ferroviaria que a media dos corredores de alta velocidade e precisa que desde Galicia persistamos na demanda ao Goberno central para que leve a cabo as melloras necesarias para dotar a conexión de alta velocidade Galicia-Madrid de máis capacidade e competitividade.





É polo que, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular, formulan a seguinte pregunta:

- Que opinión lle merece ao Goberno galego a ausencia dun proxecto por parte do Goberno de España que faga posible a chegada do AVE a cidades como Lugo e Ferrol que aínda carecen de conexión?

Santiago de Compostela, 15 de outubro 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 15/10/2025 13:47:18
Roberto Rodríguez Martínez na data 15/10/2025 13:47:33
Paula Prado del Rio na data 15/10/2025 13:48:08
Argimiro Marnotes Fernández na data 15/10/2025 13:48:18
Julio García Comesaña na data 15/10/2025 13:48:29
Paula Mouzo Mas na data 15/10/2025 13:48:50
Alberto Pazos Couñago na data 15/10/2025 13:49:11
Carmen Pomar Tojo na data 15/10/2025 13:49:26
María Felisa Rodríguez Carrera na data 15/10/2025 13:49:41
Katherinie Varela Fernández na data 15/10/2025 13:49:53



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36950
Data envío: 15/10/2025 14:06:44.834

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/10/2025 14:06:45

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Sonia Vidal Lamas, Ariadna Fernández González e Secundino Fernández Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre a situación da sanidade vexetal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 43/2002 establece que é responsabilidade da administración pública previr, controlar e indemnizar fronte a pragas vexetais. Sen embargo, obsérvase desde hai anos unha tendencia da Xunta a trasladar esa carga aos sistemas privados (seguros agrarios), deixando ás labregas galegas case sen respaldo público efectivo.

Na comparecencia do 10/10/2025, o director xeral afirmou que a Consellería destina máis de 21 millóns de euros ao período 2022-2026 para sanidade vexetal. Tamén aludiu ao incremento das subvencións aos seguros agrarios (9,5 millóns en 2025).

Con todo, non se acompañou esa exposición con datos de execución concreta, informes de resultados, casos científicos verificados nin transparencia en desagregacións comarcais.

O director xeral recoñeceu que as pragas actuais en Galiza inclúen a couza guatemalteca da pataca, nematodo do piñeiro, flavesencia dourada, psila africana de cítricos e rata toupá.

A pesar das medidas obrigatorias que poden existir (trámites de destrución, obrigacións, zonas demarcadas), persiste a preocupación de que a capacidade de inspección, de vixilancia e de intervención real non siga o ritmo das pragas.



A política de fomentar o aseguramento do agro (incremento das subvencións ás primas de seguros) é presentada pola Xunta como unha solución, pero non pode substituír o deber público de intervención e compensación nos casos en que o seguro non alcance.

Moitas labregas non teñen cobertura, ou as pólizas non cobren pragas novas ou excepcionais — quedando sen protección real.

O desequilibrio entre os recursos privados e a débil intervención pública reforza un modelo de abandono do rural.

Non existe un inventario accesible público de proxectos de investigación en sanidade vexetal, nin memoria anual detallada que mostre investimento, resultados e transferencia ao campo. Sen esa columna vertebral científica, as medidas administrativas perden sostén técnico e adaptabilidade ás novas pragas.

A cidadanía, as labregas e os colectivos agrarios teñen dereito a coñecer os orzamentos reais, as execucións, os casos resoltos e os indicadores de eficacia.

Sen iso, as medidas quedan na esfera do discurso, sen impacto verificable.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

1. Deses 21 millóns que anunciaron para sanidade vexetal, que parte vai destinada a investigación fitosanitaria galega e transfers ao campo?
2. Cantos técnicos e inspectores hai actualmente adscritos ao servizo de sanidade vexetal por comarca? Está esa cifra garantida por concurso ou catálogo estable?
3. Cantos laboratorios funcionais están operando para diagnóstico vexetal en Galiza, e en que nivel de capacidade?



4. Sobre flavescencia dourada: que orzamento específico se asignou para o decreto de utilidade pública? Hai partidas concretas?

5. Como fiscaliza a Xunta o cumprimento dos tratamentos obrigatorios nos viñedos? Que sancións existen e en cantos casos se aplicaron neste mandato?

6. Hai un plan especial para as parcelas abandonadas que actúan como focos de praga? En caso afirmativo, cando e con que medios actuarán?

7. Sobre coordinación transfronteiriza: que convenios existen con Portugal ou con outras CCAA contra pragas comúns? Que medidas concretas de control conxunto se aplican?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Sonia Vidal Lamas na data 15/10/2025 16:43:48

Ariadna Fernández González na data 15/10/2025 16:44:06

Secundino Fernández Fernández na data 15/10/2025 16:44:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 16:45:49
Nº Rexistro: 36961
Data envío: 15/10/2025 16:45:49.500

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/10/2025 16:45:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 16:45:49
Nº Rexistro: 36961
Data envío: 15/10/2025 16:45:49.500

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a divulgación dos materiais recollidos durante o desenvolvemento do proxecto interuniversitario Nomes e Voces.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2006, declarado Ano da Memoria, o goberno galego puxo en marcha un proxecto de investigación sobre as vítimas da represión franquista denominado “Nomes e Voces” (As vítimas, os nomes, as voces e os lugares).

Esta iniciativa vehiculouse mediante un convenio coas universidades galegas, que se desenvolveu nos anos 2006-2010 e que tivo como principais resultados a elaboración dunha base de datos con 14.978 nomes relativos á represión franquista, 22.340 dixitalizacións, 404 entrevistas (a maiores das máis de 100 doadas por persoas particulares e investigadoras).

Ademais, conformouse un fondo con materiais (documentos, obxectos, fotografías) doadas por asociacións e familias, co obxectivo de crear un arquivo público da memoria histórica sobre a Ditadura, a represión franquista e a loita polas liberdades e os dereitos de Galiza.

Malia a converterse nun proxecto de investigación e divulgación referente no Estado, coa chegada do PP ao goberno da Xunta en 2009 deixou de contar co financiamento público necesario e acabou por desaparecer. Aínda así mantívose activa a web do proxecto e baixo custodia a documentación e materiais que foron recompilados.

Esta exitosa experiencia foi determinante para que a Secretaria de Estado de Memoria Democrática escollese o equipo universitario que desenvolveu o proxecto



Nomes e Voces para levar a cabo a "elaboración dun censo estatal de vítimas da Guerra de España e a ditadura para o período 1936-1939", así como unha proposta metodolóxica para ampliar este censo.

Este recoñecemento da experiencia Nomes e Voces debería supoñer a recuperación, reactivación e difusión do traballo realizado, e a posta a disposición da sociedade galega dos fondos recompilados ao longo da súa existencia.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Cales foron, segundo o goberno galego, as causas da desaparición do proxecto Nomes e Voces?

Cal é o emprazamento físico, aproveitamento e accesibilidade dos materiais recompilados durante o desenvolvemento do proxecto?

Ten previsto a Xunta crear un espazo físico e dixital para o estudo e a divulgación de toda a documentación relacionada coa Ditadura, a represión franquista e a loita polas liberdades?

Considera de interese o goberno galego abrir unha convocatoria para a recollida de materiais sobre esta temática que poidan ser doados ou entregados en depósito por parte de asociacións, persoal investigador e asociacións?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 15/10/2025 17:22:02

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 15/10/2025 17:22:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 17:23:23
Nº Rexistro: 36978
Data envío: 15/10/2025 17:23:23.829

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/10/2025 17:23:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 17:23:23
Nº Rexistro: 36978
Data envío: 15/10/2025 17:23:23.829

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 17:28:50
Nº Rexistro: 36981
Data envío: 15/10/2025 17:28:50.460

Asinado o día 15/10/2025 ás 17:26
Por Paula Prado del F

Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Argimiro Marnotes Fernández, Rubén Lorenzo Gómez, Roberto Rodríguez Martínez, e Katherinie Varela Fernández deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

As fragas do Eume, situadas no sector nororiental da provincia da Coruña, foron declaradas parque natural polo Decreto 218/1997, do 30 de xullo (DOG nº 153, do 11 de agosto de 1997) previa aprobación do correspondente plan de ordenación dos recursos naturais aprobado por Decreto 211/1996, do 2 de maio (DOG nº 110, do 5 de xuño de 1996).

Este parque natural ten aprobado o Plan Reitor de Uso e Xestión en virtude do Decreto 21/2023, do 2 de marzo, polo que se modifica o Decreto 211/1996, do 2 de maio, polo que se aproba o Plan de ordenación dos recursos naturais do espazo natural das Fragas do Eume, e polo que se aproba o Plan reitor de uso e xestión do Parque Natural das Fragas do Eume.

Polo exposto, os deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta as seguintes orais:

1. O Plan Reitor de Uso e Xestión comezou a súa andadura no ano 2023. Pasados máis de dous anos dende a súa entrada en vigor, cal é a valoración que a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático fai da súa aplicación?
2. O Plan Reitor de Uso e xestión contempla un apartado de regulación de usos e actividades, pola que dividen as actividades a desenvolver no parque natural en permitidas, autorizables e prohibidas. Como se desenvolveu este apartado do PRUX neste período?

Asinado o día 15/10/2025 ás 17:26
Por Roberto Rodríguez Martínez

Asinado o día 15/10/2025 ás 17:26
Por Gonzalo Trenor López

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





3. O Plan Reitor de Uso e xestión contempla o desenvolvemento dun programa financeiro ao longo dos 10 anos de vixencia que se cifra en 3.125.000 €. Como se está a desenvolver este apartado do PRUX neste tempo de aplicación do PRUX?
4. O Plan Reitor de Uso e xestión contempla o desenvolvemento dun programa de uso público que asegure o gozo do parque natural por parte dos visitantes dunha maneira que garanta a conservación do patrimonio natural e da biodiversidade albergados nel. Cal é a evolución do número de visitantes ao longo dos últimos anos?
5. Nesta mesma liña e relacionado coa Relacionadas coa información e divulgación, que accións se acometeron neste período para unha maior difusión dos valores naturais e culturais do parque natural?
6. O Plan Reitor de Uso e xestión contempla o desenvolvemento dun programa de conservación da biodiversidade, a paisaxe e o patrimonio cultural no que se contempla desenvolver un programa orientado ao incremento de superficies públicas nas zonas de fragas e zonas de reserva do parque natural. Cales son as previsións de adquisición de terreos do Parque Natural das Fragas do Eume por parte da Xunta de Galicia?
7. Finalmente, considera axustado aos dereitos das e dos propietarios as compensacións establecidas no PRUX do Parque Natural das Fragas do Eume?

Santiago de Compostela, 15 de outubro 2025.



Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 15/10/2025 17:26:18

Roberto Rodríguez Martínez na data 15/10/2025 17:26:25,15/10/2025 17:27:13

Paula Prado del Rio na data 15/10/2025 17:26:44

Katherinie Varela Fernández na data 15/10/2025 17:26:56,15/10/2025 17:28:28

Julio García Comesaña na data 15/10/2025 17:27:05

Paula Mouzo Mas na data 15/10/2025 17:27:25

Alberto Pazos Couñago na data 15/10/2025 17:27:37

Carmen Pomar Tojo na data 15/10/2025 17:28:07

María Felisa Rodríguez Carrera na data 15/10/2025 17:28:17



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/10/2025 17:28:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 17:28:50
Nº Rexistro: 36981
Data envío: 15/10/2025 17:28:50.460

CSV: BOPGDSPG-BH4U3hWd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a memoria das mulleres e o “Patronato de Protección a la Mujer”.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.A represión das mulleres foi un dos signos de identidade da Ditadura franquista. As mulleres sufriron os mesmos tipos de represión cós homes: asasinatos, condenas de cárcere, agresións físicas, represión laboral, multas, desterro e exilio. E, a maiores, o réxime desenvolveu formas específicas especialmente crueis para perseguir, reprimir, torturar e amedrentar as mulleres, castigos con fortes tintes machistas como violacións, agresións físicas e psicolóxicas, rapado do cabelo, tatuaxe da pel, inxesta de aceite de rícino, exhibicións públicas...

En realidade podemos dicir que todas as mulleres foron vítimas do franquismo, por configurar un sistema político, social e moral profundamente machista e misóxino, que eliminou numerosos dereitos e estableceu normas morais e roles de xénero que restrinxiron as liberdades das mulleres e que as recluíu no espazo privado, no papel de nais e esposas. Neste profundo retroceso político e social xogaron un papel especialmente relevante a igrexa católica e organizacións como a Sección Feminina.

2.Dentro desta deriva retrógrada, reaccionaria e misóxina, a Ditadura ideou institucións dedicadas especificamente a recluír e castigar as mulleres por razóns morais e de orde sexual. É o caso do Patronato de Protección de la Mujer e a Obra de Redención de Mujeres Caídas. O Patronato foi creado por Decreto do 6 de novembro de



1941 e mantívose en activo até o ano 1985. No ano 1983 produciuse o traspaso da súa xestión á comunidade autónoma galega.

En 1983, por real decreto, BOE del 14 de noviembre, se ordena el traspaso de Funciones y Servicios de Administración del Estado a la Comunidad de Galicia en materia del Patronato de Protección a la Mujer". Firman dicho traspaso de funciones : José Elías García y MARIANO RAJOY BREY (entonces secretario de la comisión mixta prevista en la disposición transitoria cuarta del Estatuto de Autonomía de Galicia).

O obxecto do Patronato era “redimir a muller caída e axudar á que está en perigo de caer”. Para desenvolver os seus fins creou unha estrutura estatal (Junta Nacional, presidida por Carmen Polo) e provincial (Juntas Provinciales, das que formaban parte as elites políticas e sociais), e un sistema de vixilancia e de reclusión para encerrar, castigar e adoutrinar as mulleres que non cumprían as ríxidas normas morais impostas polo nacionalcatolicismo.

O sistema de vixilancia e control establecido polo Patronato constituíu un auténtico cárcere da moral na que se recluía a mulleres entre os 16 e os 25 anos, sen ningún tipo de garantía xurídica, por razóns como ter relacións sexuais hetero ou homosexuais, practicar a prostitución, consumo de estupefacientes, frecuentar determinados lugares que non se consideraban apropiados, e, en xeral, por “desviarse” das condutas que o réxime establecera como exemplo de moral feminina.

Como lugares de reclusión estableceuse unha rede de “casas de acollida”, rexentadas por congregacións relixiosas como as Adoratrices, as Oblatas, Terciarias capuchinas, Cruzadas evanxélicas, Trinitarias...

As mulleres ingresadas nos Centros de Observación e Clasificación e nas “casas de acollida” eran privadas de liberdade, adoutrinadas, sometidas a todo tipo de abusos e castigos, e obrigadas a facer traballos para empresas sen recibir ningunha remuneración. Nalgúns casos estableceuse relación entre a reclusión nestes centros e a trama de roubo de bebés.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

